




Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

iet

INFORME 2015

XUNTA DE GALICIA

PSST

INFORME PLAN DE SEGUIMENTO DAS DOT 2015

Antecedentes	4
1 Metodoloxía.....	5
1.1 Órganos.....	5
1.2 Ferramentas. Indicadores e enquisa.....	6
1.2.1 Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)	6
1.2.2 Indicadores de sustentabilidade territorial (IST).....	6
1.2.3 Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)	17
1.3 Procesos.....	18
1.4 Contextualización no marco das operacións estatísticas	20
Proposta informe 2015	21
2 Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)	22
2.1. Bloque 1. Ordenación do territorio (OT)	22
Sub-bloque A. Plans Territoriais Integrados (PTI)	23
Sub-bloque C. Plans sectoriais	24
2.2. Bloque 2. Planeamento (P)	25
Sub-bloque A. Plans Xerais de Ordenación Municipal	25
Sub-bloque B. Instrumentos de Desenvolvemento	26
3 Indicadores de sustentabilidade territorial (IST).....	29
3.1. Bloque 1. Ocupación do territorio (OC)	29
Sub-bloque A. Usos do solo	30
3.1.1 Sub-bloque C. Intensidade	32

3.2.	Bloque 2. Paisaxe (PAI)	37
3.3.	Bloque 3. Patrimonio natural (PN)	38
	Sub-bloque A. Naturalidade	39
3.1.2	Sub-bloque B. Biodiversidade	40
3.1.3	Sub-bloque C. Xestión	41
3.4.	Bloque 4. Patrimonio cultural (PC)	44
	Sub-bloque A. Abundancia e diversidade	44
3.1.4	Sub-bloque B. Valorización	46
3.5.	Bloque 5. Sociedade e economía (SE)	47
	Sub-bloque A. Espectro Social	49
	Sub-bloque B. Poder Adquisitivo	55
	Sub-bloque D. Complexidade	55
	Sub-bloque E. Emprego e formación	58
	Sub-bloque F. Autosuficiencia	59
	Sub-bloque G. Innovación	61
	Sub-bloque H. Agricultura e gandería	66
	Sub-bloque I. Pesca e acuicultura	72
	Sub-bloque J. Aproveitamento forestal	73
	Sub-bloque L. Turismo	75
3.6.	Bloque 6. Metabolismo (MET)	78
	Sub-bloque A. Enerxía	78
	Sub-bloque B. Ciclo hídrico	80
	Sub-bloque C. Ciclos de materiais	81
	Sub-bloque D. Atmosfera e cambio climático	85
3.7.	Bloque 7. Mobilidade (MOB)	87
	Sub-bloque A. Situación global	87
4	Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)	89

Estratexia e metodoloxía para o seu deseño	89
Proposta de enquisa seleccionada	89
5 Conclusión.	90
O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia.	90
Índice de Ilustracións.....	93
Índice de táboas.....	95

IV. Anexos

ANEXO I	Valoración e tendencia dos indicadores e determinacións e obxectivos que atenden
ANEXO II	Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)
ANEXO III	Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)
ANEXO IV	Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU)
ANEXO V	Xestións dos Grupos Técnicos de Traballo (GTT)

Data do Informe: decembro 2015

Antecedentes

No ano 2014 elaborouse o primeiro informe a este Plan de seguimento. Neste segundo informe dáse conta do estado e evolución das distintas ferramentas coas que conta o PSST para coñecer os efectos da aprobación das DOT sobre a sustentabilidade da Comunidade Autónoma.

O informe estrutúrase en 5 apartados; no primeiro expónse a metodoloxía do Plan de seguimento e a relación co programa estatístico de Galicia.

O segundo epígrafe atende á evolución da planificación territorial, sectorial e urbanística que, a Xunta de Galicia está a levar a cabo na actuación de goberno da Comunidade Autónoma, en coordinación con outras administracións públicas ou entidades privadas. Este enfoque abórdase desde os indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI).

No terceiro epígrafe, os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) analizan a evolución das distintas variables e aspectos clave que as DOT identificaron para a definición do modelo proposto.

A terceira das ferramentas do Plan de seguimento, a Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU) abórdase no epígrafe 4. Esta enquisa recolle as cuestións máis representativas que permitan avaliar o grao de satisfacción dos cidadáns en relación aos servizos urbanísticos, dotacións, mobilidade ou calidade ambiental.

O epígrafe 5 ofrece, a modo de conclusión, unha visión de conxunto do PSST.

Nos anexos II e III do informe do *Plan de seguimento das directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial*, atópanse dun xeito pormenorizado cada unha das fichas dos indicadores e as súas correspondentes medidas.

Así mesmo, o presente informe constituirá a base para elaborar a Memoria que se remitirá ao Parlamento de Galicia, en cumprimento do tamén establecido pola Lei de ordenación do territorio para dar conta anualmente do estado das DOT.

1 Metodoloxía

A lei de ordenación do territorio de Galicia¹ (LOT) estableceu a necesidade de facer un seguimento dos efectos que as Directrices de ordenación do territorio (en adiante DOT) teñen no territorio e na sociedade.

O Consello da Xunta, aprobou o Decreto 176/2013, do 21 de novembro de, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.

Coa aprobación do citado decreto, iniciouse a tarefa de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos enunciados nas DOT, e con elo poder coñecer se as políticas implementadas son concorrentes con estes obxectivos.

1.1 Órganos

A consellería competente en materia de ordenación do territorio é o órgano promotor do seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT.

O Decreto 156/2012, do 12 de xullo, crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, órgano responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores, aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das DOT, coa finalidade última de dar cumprimento ao mandato que recolle o artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia (LOT).

A Comisión de Seguimento será a encargada de aprobar as propostas que configuren o sistema de seguimento da sustentabilidade territorial.

Dependentes dela, no seo desta Comisión, constituíronse diferentes Grupos Técnicos de traballo (GTT), nos que cada

departamento autonómico con competencias de alcance territorial terá un papel protagonista na definición, validación e consenso das propostas que o IET propoña, tanto para as DOT, como para os restantes instrumentos de ordenación do territorio.

No seo de cada GTT concrépanse os contidos e alcance das ferramentas que conforman o armazón do plan, segundo o ámbito competencial correspondente. Nestes GTT participan, ademais, o órgano ambiental, responsable da Avaliación ambiental estratéxica, e o Instituto Galego de Estatística (IGE).

Creáronse atendendo ao propio organigrama da Xunta de Galicia e ás propias competencias por unha banda, e por outra, baseados na proposta do ISA e da Memoria ambiental das DOT e do POL, que estruturan os indicadores en bloques e sub-bloques que engarzan cos campos competenciais.

Cada grupo está constituído por unha persoa representante do órgano ambiental, do Instituto Galego de Estatística, por un representante do departamento ou organismo con competencias na materia de que se trate, así como polo persoal do IET, organismo que desenvolveu as labores de apoio, análise e coordinación técnica do traballo nos diferentes GTT. O representante do departamento que ostenta as competencias na materia ao que se refira o GTT actúa como fonte e validador dos datos e dos indicadores asignados a dito grupo.

Neste decreto sinálase ao IET como o soporte técnico para o desenvolvemento das funcións da Comisión de Seguimento que levará a cabo labores de coordinación entre os GTT e a Comisión. Estas tarefas están incardinadas no cometido de prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, na realización da avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial, que lle atribúe os estatutos (Decreto 244/2011, do 29 de decembro). O IET formula, os GTT elaboran, consensúan e propoñen á Comisión: e esta aproba.

O resultado deste seguimento, pola maior ou menor aproximación, no tempo, aos obxectivos fixados nas DOT, será o que faga que dende esta Comisión se formulen as propostas que procedan para evitar desviacións negativas.

¹ Lei 10/1995, do 23 de decembro, de ordenación do territorio de Galicia

1.2 Ferramentas. Indicadores e enquisa

O punto de partida da elaboración das ferramentas do seguimento da sustentabilidade territorial é o plan de seguimento da Memoria ambiental do procedemento de AAE das DOT e o indicado no seu ISA.

Nel propónse un sistema de indicadores que permita avaliar a sustentabilidade da planificación territorial derivada das DOT mediante o seguimento da súa evolución e a verificación do cumprimento dos obxectivos xerais propostos, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables de sustentabilidade identificadas.

O sistema de indicadores contempla unha dobre avaliación do cumprimento dos obxectivos das DOT; por unha banda o que se refire ao desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio que nela se citan, e pola outra, propiamente unha batería de indicadores que midan a evolución cara a unha sociedade sustentable.

De xeito análogo ao sistema de indicadores, fórmase a inclusión no seguimento que se faga, dun instrumento que permita coñecer a percepción da cidadanía sobre os efectos dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo na calidade de vida; para o cal se propón a realización dunha enquisa.

As distintas ferramentas propostas poderán ser revisadas no desenvolvemento do plan de seguimento polos órganos definidos a tal fin.

1.2.1 Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

Estes Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) deben dar resposta aos compromisos que a Comunidade Autónoma se impón no desenvolvemento dos documentos que permitan avanzar na sustentabilidade da sociedade. Algúns destes indicadores establécense na propia tramitación ambiental das DOT, entendendo que o desenvolvemento destes instrumentos suporá unha ordenación do territorio en clave de sustentabilidade, e dicir, a planificación vertical ou en “cascada” será a ferramenta que dirixa

as actuacións no territorio para que estas dean unha resposta coherente coas necesidades da sociedade.

O plan de seguimento considera que o número de indicadores pode ser ampliado con outros de análogas características e funcións, que as administracións públicas, en virtude das súas competencias, podan desenvolver. Por isto, os distintos departamentos con incidencia territorial son consultados sobre as actuacións que poidan estar levando a cabo neste senso.

O procedemento de AAE recolleu os seguintes IDI:

Número de Plans territoriais integrados en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT

Porcentaxe de superficie ordenada segundo un Plan territorial integrado

Número de Programas coordinados de actuación desenvolvidos

Número de Plans sectoriais en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT

Número de Plans xerais de ordenación municipal en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT

Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT

Non obstante, outras figuras como os plans directores ou as estratexias deseñadas e postas en marcha por distintas consellerías son igualmente documentos vinculantes cos obxectivos das DOT, cunha clara finalidade de ordenación territorial que supoñen pasos intermedios ou previos aos recollidos nas DOT.

1.2.2 Indicadores de sustentabilidade territorial (IST)

1.2.2.1 Obxecto

O sistema de Indicadores de sustentabilidade territorial (IST) constitúe unha das ferramentas para a realización do seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio, tal e como se reflectiu na Determinación 10.1.19 das DOT e no Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) das DOT e do POL.

O plan de seguimento propón un sistema de indicadores denominados de sustentabilidade territorial (IST), xurdidos para a

avaliación dos obxectivos específicos de sustentabilidade para cada unha das variables establecidas no ISA das DOT e na súa memoria ambiental.

1.2.2.2 Modelo conceptual

Para que a selección de indicadores constitúa un único sistema, unha das tarefas clave é a definición dun modelo conceptual que atenda aos obxectivos aos que terá que dar resposta este sistema de indicadores.

A definición do modelo conceptual do sistema de indicadores de sustentabilidade territorial xurde do proceso de elaboración das DOT e do POL e os seus respectivos procesos de AAE. Trátase da identificación das variables de sustentabilidade, o establecemento de obxectivos específicos para cada unha delas, así como da identificación dos seus aspectos clave.

Estrutura das variables de sustentabilidade

No modelo conceptual que se propón, as variables de sustentabilidade correspóndense cunha nova relación de BLOQUES, que se presenta cunha organización moi semellante á existente nas DOT e no POL, con algún axuste sinxelo en aras dunha maior claridade e simplificación.

A continuación preséntase un cadro coa equivalencias entre as variables de sustentabilidade consideradas no ISA das DOT e do POL, e os bloques que organizan o sistema de indicadores.

Táboa 1. Correspondencia entre as variables de sustentabilidade do ISA das DOT e os bloques do IST

Bloques sistema indicadores IST	Variables ISA DOT e POL
1.ocupación do territorio	Solo
2.paisaxe	Paisaxe
3.patrimonio natural	Patrimonio natural
4.patrimonio cultural	Patrimonio cultural
5.sociedade e economía	Socioeconomía
	Atmosfera
	Ciclo hídrico
6.metabolismo	Enerxía
	Ciclos de materiais
	Cambio climático
7.mobilidade	Mobilidade

Estes bloques ou variables de sustentabilidade relaciónanse entre eles seguindo o esquema conceptual da Ilustración 1. Esquema conceptual.

No que o patrimonio natural de Galicia é a matriz biofísica, a cal é o soporte dos sistemas humanos, conformados polas variables sociais e económicas, que configuran e determinan o patrimonio cultural.

Estes tres elementos dos sistemas humanos (sociedade, economía e patrimonio cultural), organízanse atendendo a un modelo de ocupación do territorio establecido polos instrumentos de ordenación, que a súa vez determina e caracteriza o proceso de antropización do patrimonio natural.




Ilustración 1. Esquema conceptual

Pódese afirmar desta maneira, que dito proceso de antropización é froito da interacción entre os propios factores naturais e antrópicos.

Así, o modo no que son aproveitados e xestionados os recursos dese patrimonio natural (os fluxos de enerxía, auga-ciclo hídrico, outros materiais e a atmosfera) constitúe o que se pode denominar o metabolismo do sistema humano, mentres que os múltiples fluxos socioeconómicos posibles sintetízanse na variable ou bloque de mobilidade.

Finalmente, a **paisaxe**, como reflexo da sociedade, configúrase como elemento holístico e de síntese ou resultado de todas as relacións e interaccións naturais e antrópicas.

Aspectos clave para a sustentabilidade

Asemade, para completar a proposta do modelo conceptual do sistema de indicadores é preciso incorporar a consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, xa recollidos no ISA das DOT e no ISA do POL, así como nos Documentos de referencia dos procesos de AAE de ditos instrumentos. Definidas as variables, e trala reflexión sobre as oportunidades e riscos que leva a implementación dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e o urbanismo, segundo un proceso de planificación en “cascada”, identifícanse unha serie de efectos previsibles e extráense unha serie de aspectos claves que é necesario valorar.

A integración destes aspectos clave non se realizou cunha translación directa ao esquema de bloques, senón que se tiveron que conxugar outras cuestións como, por exemplo, os potenciais indicadores en función das fontes de información dispoñibles e posibles. O resultado foi a identificación de SUB-BLOQUES que inclúen a consideración destes aspectos, aínda que non de forma expresa.

A listaxe de bloques e sub-bloques, e a súa relación coas aspectos clave, reflíctese na táboa seguinte.

Táboa 2. Correspondencia entre os aspectos clave e os sub-bloques

CLASIFICACIÓN NAS DOT				CLASIFICACIÓN NO PSST	
VARIABLES		ASPECTOS CLAVE		BLOQUE	SUBBLOQUE
OT	OCUPACIÓN DO	Cal. S.	Calidade do solo	OCUPACIÓN DO	Usos do solo Distribución-Dispersión

CLASIFICACIÓN NAS DOT				CLASIFICACIÓN NO PSST	
VARIABLES		ASPECTOS CLAVE		BLOQUE	SUBBLOQUE
	TERRITORIO			TERRITORIO	Intensidade
		Voc. A.	Vocacionalidade dos ámbitos		Usos do solo
		Ris. N. T.	Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos		Riscos
PPNC	PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	Integ. P.	Integridade paisaxística	PAISAXE	Dinámica da paisaxe
					Valoración da paisaxe
					Xestión da paisaxe
		Frag. T.	Fragmentación do territorio	PATRIMONIO NATURAL	Naturalidade
		Consv.	Conservación do patrimonio natural e cultural		Naturalidade
					Biodiversidade
					Xestión
		PATRIMONIO CULTURAL	Abundancia e diversidade		
			Valorización		
SE	SOCIOECONOMÍA	Comp. E.	Competitividade económica	SOCIEDADE E ECONOMÍA	Autosuficiencia
					Innovación
					Agricultura e gandería
					Pesca e acuicultura
					Aproveitamento forestal
					Solo empresarial
					Turismo
		Eq. D. E.	Equilibrio do desenvolvemento económico		Complexidade
					Emprego e formación
					Autosuficiencia
					Agricultura e gandería
					Pesca e acuicultura
				Aproveitamento forestal	
				Solo empresarial	
		Coh. S.	Cohesión social	Turismo	
				Espectro social	
				Poder adquisitivo	
		Cal. V. P.	Calidade de vida da		Servizos
					Poder adquisitivo

CLASIFICACIÓN NAS DOT				CLASIFICACIÓN NO PSST	
VARIABLES		ASPECTOS CLAVE		BLOQUE	SUBBLOQUE
			poboación		Servizos
					Emprego e formación
		Gob.	Gobernanza		Gobernanza
A	ATMOSFERA	Cal. Ai.	Calidade do aire	METABOLI SMO	Atmosfera e cambio climático
CH	CICLO HÍDRICO	Cal. Au.	Calidade da auga		Ciclo hídrico
		Cons. R. H.	Consumo de recursos hídricos		
En	ENERXÍA	Cons. En.	Consumo enerxético		Enerxía
Re	CICLOS DE MATERIAIS	Xer. Re.	Xeración de residuos		Ciclos de materiais
CC	CAMBIO CLIMÁTICO	Em. GEI	Emisións de GEI		Atmosfera e cambio climático
M	MOBILIDADE	Nec. M.	Necesidades de mobilidade	MOBILIDA DE	Situación global
		Eq.Rp.Mo dal	Equilibrio no reparto modal		Situación modo a modo

Obxectivos específicos

Por último, faltaría considerar os obxectivos específicos de sustentabilidade para cada unha das variables ou bloques do sistema. Estes obxectivos, adaptándose ás características da realidade galega, responden á integración das tres liñas de acción fundamentais da política territorial da UE: o desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e una nova relación entre campo e cidade, a garantía dun acceso igualitario ás infraestruturas e ao coñecemento, a protección da natureza e do patrimonio cultural e ao desenvolvemento sustentable.

Para a súa translación ao modelo estes obxectivos foron simplificados e xeneralizados a prol dun modelo sinxelo e máis directo.

No seguinte cadro amósanse os obxectivos específicos para cada unha das variables de sustentabilidade e a súa translación como obxectivos para os bloques do modelo do sistema de indicadores.

ISA DAS DOT E DO POL		IST		
Variables e elementos estratéxicos	Obxectivos DOT	Obxectivos POL	Bloque	Obxectivo
OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Definir un modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz.	Establecer un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como os de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores.	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Consumo eficiente desolo
PAISAXE	Configurar a paisaxe como elemento integrador das políticas de ordenamento territorial e urbanístico e de protección ambiental. Contribuír á conservación e recuperación de espazos, paisaxes e elementos que favorezan a calidade paisaxística. Garantir o mantemento dos trazos paisaxísticos e xeomorfolóxicos do territorio con especial atención aos elementos singulares de interese xeolóxico, morfolóxico ou paleontolóxico existentes.	Caracterización da paisaxe (identificación dos elementos e os procesos). Promover un modelo territorial en harmonía coa paisaxe que poña en valor os seus elementos e trazos identitarios.	PAISAXE	Integración paisaxística
PATRIMONIO NATURAL	Garantir unha adecuada conservación que posibilita a valorización das áreas de interese natural e os recursos patrimoniais de Galicia. Crear as condicións para que a conservación do patrimonio natural e cultural de Galicia se xustifique polas funcións e beneficios que xera a súa valorización. Contribuír á conservación e recuperación de espazos e elementos de interese natural e cultural. Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais e a conectividade ecolóxica. Establecer criterios para a adecuación das actividades que se localizan no territorio á capacidade de acollida de cada espazo. Facilitar unha permeabilidade do territorio ambientalmente compatible, que permita o aproveitamento colectivo.	Identificación dos sistemas naturais. Establecer un modelo territorial que favoreza a funcionalidade e conectividade dos sistemas naturais.	PATRIMONIO NATURAL	Preservación da funcionalidade dos ecosistemas
PATRIMONIO CULTURAL		Recoñecer os elementos de valor patrimonial. Promover estratexias para a súa posta en valor.	PATRIMONIO CULTURAL	Recoñecemento e valorización do patrimonio humano
SOCIOECONOMÍA	Fomentar o desenvolvemento económico equilibrado e sustentable, para que Galicia se siga aproximando aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas. Conseguir a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades. 1. Producción de alimentos Facilitar a ampliación da base territorial das explotacións que o precisen e proporcionar superficie agraria útil. Aproveitar os recursos con potencial agrogandeiro, como base dunha produción alimentaria de calidade e fonte de recursos fundamental no medio rural. Consolidar a competitividade das zonas pesqueiras. Facilitar a diversificación de actividades económicas na costa. Protexer o medio natural das zonas de pesca, co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as zonas	Establecer un modelo territorial racional. Procurar a implicación da cidadanía no establecemento deste modelo. Favorecer a diversificación das actividades económicas en harmonía cos valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral, implicando para iso as poboacións locais.	SOCIEDADE E ECONOMÍA	Aumento da cohesión social Diversidade de usos e funcións

ISA DAS DOT E DO POL		IST		
Variables e elementos estratéxicos	Obxectivos DOT	Obxectivos POL	Bloque	Obxectivo
	costeiras protexendo e mellorando o seu patrimonio natural e arquitectónico.			
	2. Aproveitamento forestal Favorecer o establecemento de modelos de xestión forestal sustentables e de calidade que aproveiten a riqueza diversa do monte galego.			
	3. Solo empresarial Establecer criterios de localización e de características dos espazos produtivos que permitan maximizar a súa eficacia para a atracción de actividades, e para a competitividade das empresas da Comunidade. Mellorar a oferta incidindo na rehabilitación dos espazos existentes, a adaptación ás demandas e potencialidades de cada ámbito territorial e a busca de localizacións compatibles coa calidade dos ámbitos urbanos e do medio natural. Xerar novos espazos de actividade axeitados ás demandas creadas polas novas actividades terciarias como elementos de grande incidencia na calidade, no atractivo urbano e na competitividade territorial da Comunidade. Fixar as bases para unha administración racional da superficie industrial de Galicia, axustando a dispoñibilidade de solo á demanda existente e ás condicións do mercado.			
	4. Turismo Valorizar os abundantes recursos naturais e patrimoniais como elemento fundamental do desenvolvemento turístico sustentable. Fomentar a diversificación de actividades no rural a través do aproveitamento do potencial do turismo ecolóxico.			
	5. Equipamentos e servizos Articular unha rede de atención eficiente ás necesidades persoais, sociais e familiares de toda a cidadanía e a veciñanza de Galicia. Coordinar o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos.			
ATMOSFERA	Minimizar os efectos das emisións contaminantes nocivas, tanto para o medio como para a saúde das persoas	Promover un modelo territorial tendente á redución das fontes emisoras de contaminación.	METABOLISMO	Máxima autosuficiencia dos fluxos metabólicos
CICLO HÍDRICO	Potenciar e favorecer o uso eficiente da auga e a optimización das infraestruturas de abastecemento e saneamento. Promover o mantemento da calidade dos recursos hídricos, e no caso das masas de auga deterioradas, pular pola mellora do seu estado. Protexer as masas de auga destinadas á captación co obxectivo de evitar a deterioración da súa calidade, con	Propiciar un modelo territorial que fomente un uso racional dos recursos hídricos ao mesmo tempo que asegure o mantemento das funcións ecolóxicas e a mellora da calidade e funcionalidade das distintas formas de auga.		

ISA DAS DOT E DO POL			IST	
Variables e elementos estratéxicos	Obxectivos DOT	Obxectivos POL	Bloque	Obxectivo
ENERXÍA	especial atención á definición dos caudais ecolóxicos. Pular por garantirle a subministración enerxética de calidade a toda a cidadanía en todo o territorio. Reducir o consumo enerxético en termos globais e de intensidade enerxética. Favorecer a diversificación das fontes de aprovisionamento enerxético, de xeito que se intensifiquen os esforzos tendentes a un maior aproveitamento dos recursos autóctonos e, en especial, de fomento das fontes de enerxía renovables.	Fomentar o aforro e chamar a atención sobre a necesidade de impulsar a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles.		
XESTIÓN DE RESIDUOS	Contribuír á xestión eficiente dos residuos; favorecendo a minimización da súa xeración e produción. Favorecer a posibilidade da execución de modelos de xestión complementarios de sistemas de recollida e tratamento en función das características do territorio.	Fomentar un modelo territorial que promova modelos de xestión máis eficaces, en coherencia coa planificación sectorial de residuos.		
CAMBIO CLIMÁTICO	Contribuír ao cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Kyoto e a outros acordos internacionais, estatais e autonómicos. Favorecer a adaptación para os efectos previsibles derivados do cambio climático.	Tomar en consideración estudos sobre os efectos do cambio climático no establecemento do modelo territorial. Minimizar as fontes emisoras de gases contaminantes e potenciar a funcionalidade e calidade dos espazos que funcionan como sumidoiros.		
MOBILIDADE	Pular pola redución das necesidades de mobilidade, a mellora da accesibilidade e o equilibrio modal. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.	Racionalizar os procesos de ocupación para así facer un uso máis eficiente dos modos de transporte e diminuír os desprazamentos. Poñer de manifesto a necesidade do establecemento de modos de transporte máis limpos e eficientes.	MOBILIDADE	Fomento da mobilidade sustentable

Esquema conceptual

A definición das relacións entre as variables ou bloques do modelo e os obxectivos de sustentabilidade contemplados para cada un deles representa unha parte fundamental do modelo conceptual do sistema de indicadores.

Esta síntese dos obxectivos realizada segue a responder coherentemente ao modelo territorial definido nas DOT, e a uns principios ou criterios de sustentabilidade emanados dos referentes institucionais e científicos en materia de planificación territorial.

Os principios e os obxectivos de sustentabilidade enunciados pódense organizar en dous eixos fundamentais: a eficiencia ambiental e a cohesión social, sobre os que se sustente o avance cara a un modelo territorial sustentable.

Estes eixos conceptuais incardínanse nas políticas recollidas nas sucesivas declaracións e documentos, subscritos pola comunidade internacional e, fundamentalmente, polos países membros da UE, na procura dun desenvolvemento sustentable.

En definitiva, estes eixos articulan os diferentes obxectivos do sistema, de xeito que permiten acoutar a selección de indicadores e as interpretacións dos seus resultados.

A “Estratexia Europa 2020” aposta por converter á UE nunha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Europa 2020 propón tres prioridades que se reforzan mutuamente:

- **Crecemento intelixente:** desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- **Crecemento sustentable:** promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva.
- **Crecemento integrador:** fomento de una economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial.

Na chamada “Carta de Leipzig”, asinada polos ministros de Urbanismo da Unión Europea o 24 de maio de 2007, incidíase de novo na necesidade de reforzar a política de cohesión territorial da

UE, mediante un novo modelo de gobernanza baseado na cooperación, e que debe dar unha resposta máis eficaz ás necesidades e características territoriais, aos desafíos xeográficos específicos e ás oportunidades das rexións e das cidades.

Tamén cómpre lembrar aquí, a “Estratexia Española de Sustentabilidade Urbana e Local (EESUL)”, onde se enuncian unha serie de principios xerais para a sustentabilidade que se axustan aos criterios do modelo proposto, e son susceptibles de clasificación segundo os mesmos eixos fundamentais que converxen na configuración dunha paisaxe resultado da acción de factores naturais ou humanos e das súas interrelacións:

- Ecoeficiencia, Austeridade, Optimización dos recursos, Uso sustentable, Biodiversidade (eficiencia ambiental)
- Solidaridade inter e intraterritorial e social; Equidade; Mellora e restauración do patrimonio cultural e natural, Información e participación dos cidadáns nas políticas públicas (cohesión social)

Eficiencia ambiental

O eixo da eficiencia ambiental vertebra a relación entre a xestión e a ordenación territorial, orientada a conseguir a máxima eficiencia no uso dos recursos. Representa a capacidade dos ciclos de materia e enerxía para manter o metabolismo dos sistemas humanos, procurando a mínima perturbación dos ecosistemas.

A renovada “Estratexia de Lisboa” acordada polos Estados membros en 2005, ademais de apostar polos diversos potenciais territoriais das rexións para o crecemento económico sustentable e a creación de emprego na UE, poñía de manifesto a importancia do compromiso de cada rexión e cidade na contribución ao aforro de enerxía e ao seu subministro descentralizado e a mitigar o cambio climático, apoiando o desenvolvemento de asentamentos con emisións baixas ou nulas, desenvolvendo novas fontes potenciais de enerxía renovable e promovendo a eficiencia enerxética.

Así, este eixo da eficiencia ambiental pódese analizar a partir dun conxunto de variables-bloques e de obxectivos-criterios relativos a:

- A morfoloxía territorial -consumo eficiente de solo-. O modelo sustentable de ocupación do territorio será aquel que opte por un modelo compacto, de implosión territorial, onde o crecemento urbano se conteña ou se xustifique baixo determinados supostos.
- O metabolismo -autosuficiencia de fluxos-. Procura de sistemas autárquicos que minimicen a presión sobre a matriz soporte, orixinada, tanto pola extracción de recursos, como pola asimilación dos produtos que se lle retornan. Regresión da entropía proxectada no sistema, debida ao consumo masivo de materiais, enerxía, auga e alimentos, así como a procura do peche destes fluxos de intercambio.
- A funcionalidade dos ecosistemas. Preservación e conectividade dos sistemas naturais.
- A mobilidade sustentable como resposta aos impactos sociais, económicos e ambientais derivados do uso intensivo dos vehículos a motor e como factor para configurar un territorio ambientalmente sustentable.
- Finalmente, a integración paisaxística configúrase como obxectivo integrador, síntese e resultado de todas as variables do eixo da eficiencia ambiental.

Cohesión social

O segundo eixo, a cohesión social, articula os obxectivos definidos para garantir a igualdade de oportunidades individuais que contribúen ao desenvolvemento dunha comunidade con identidade común e a unha sociedade do coñecemento.

Este segundo eixo abrangue aspectos como o desenvolvemento económico, a creación de riqueza, a distribución da renda e o acceso equitativo da poboación aos equipamentos e servizos colectivos. Debe aspirarse á consecución dunha sociedade capaz de xerar sentimentos de identidade e solidariedade asentados en valores comúns e na que os individuos acadan unha conciencia de pertenza que transcende do mero feito do acceso equitativo a determinados servizos ou oportunidades, ou da atención a determinadas necesidades sociais. Segundo isto, o eixo de cohesión social articula os seus obxectivos con:

- A valorización do patrimonio humano, como valor de identidade colectiva.
- O nivel de accesibilidade e a mobilidade, en tanto que debe garantirse unha igualdade no tempo de acceso a servizos básicos cara a integración e a convivencia social de todos os individuos.
- A articulación no espazo dos elementos estratéxicos do territorio, que definen a ocupación do solo. A realidade física do territorio e, polo tanto, as solucións formais adoptadas que determinan a proximidade entre os usos e funcións e a súa diversidade, están intimamente relacionadas co modelo de mobilidade e o modelo de ordenación do territorio derivado.
- O equilibrio da estrutura social e a diversidade, que permiten coñecer o grado de multifuncionalidade de cada ámbito. A diversidade está ligada á complexidade; os organismos vivos son portadores de información e atesouran, de forma dinámica no tempo, características que nos indican o grado de acumulación de información e a capacidade para influír no presente e controlar o futuro.
- A integración paisaxística, de novo en relación ao eixo de cohesión social, é o obxectivo integrador, pero tamén a consecuencia e síntese do cumprimento dos obxectivos do mesmo. Así, a paisaxe configúrase como o resultado das relacións e interaccións naturais e antrópicas sobre o medio.

Modelo territorial sustentable

Así, co o “debuxo” do modelo conceptual do sistema de seguimento da sustentabilidade territorial complétase coa relación coas liñas estratéxicas das DOT. Deséñase así unha estrutura coherente e equilibrada de referencia para a selección de indicadores e as interpretacións dos seus resultados.

As liñas estratéxicas definidas na memoria das DOT (1.5 Un modelo territorial para o futuro de Galicia. 1.5.1. Orientacións estratéxicas do modelo territorial de Galicia) e recollidas na Memoria ambiental correspondente ao proceso de avaliación ambiental estratéxica orientase a:

- A. Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa.
- B. Fortalecer os núcleos tradicionais e o litoral, e valorizar o territorio.
- C. Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio.
- D. Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial.
- E. Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural.
- F. Protexer o patrimonio natural e cultural.
- G. Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental.
- H. Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.




Ilustración 2. Modelo territorial sustentable

Un territorio estruturado conduce a unha maior eficiencia dos ciclos e fluxos metabólicos e a unha maior equidade de oportunidades e accesibilidade, acadando unha maior cohesión social.

O esquema reflicte o modelo conceptual proposto para o sistema de indicadores de sustentabilidade territorial: liñas estratéxicas trazadas a partires dos criterios-obxectivos. E todo segundo os dous eixos fundamentais de eficiencia ambiental e coherencia social na configuración dun modelo territorial sustentable e en equilibrio.

A posición central do obxectivo de integración paisaxística, en relación directa co resto de obxectivos a través dos diferentes eixos de sustentabilidade, ven xustificada polo recoñecemento holístico da paisaxe, en coherencia co seu tratamento na Lei de Protección da Paisaxe de Galicia de xuño de 2008 e coa súa definición no “Convenio Europeo da Paisaxe”, que entrou en vigor en 2004:

“Calquera anaco do territorio tal e como é percibida polas poboacións e que o seu carácter resulta da acción de factores naturais ou humanos e das súas interrelacións”.

O modelo resulta igualmente coherente co marco da planificación territorial de referencia e por ende coa “Estratexia Territorial Europea”, subscrita en Postdam en maio de 1999, e na que se pon de manifesto que as actuacións no eido da ordenación do territorio, ademais da corrección dos desequilibrios territoriais e a procura dunha maior cohesión espacial dentro dos países e das rexións, debe acadar un desenvolvemento económico sustentable e una mellora da calidade de vida, a través do compromiso na xestión responsable e intelixente dos recursos patrimoniais, naturais e culturais e na protección e a mellora da paisaxe, dentro dunha política de utilización racional do territorio.

Neste senso, cumpre recordar a xa mencionada “Carta de Leipzig”, na que deféndese a necesidade de que a dimensión territorial xogue un papel máis forte na futura política de cohesión para promover o benestar económico e social; esta estratexia coincide plenamente coa definición do modelo territorial para o futuro de Galicia descrito nas DOT, onde, previo ao enunciado das oito liñas estratéxicas fundamentais da nova política territorial de Galicia, afírmase que:

“O territorio de Galicia é un factor de identidade esencial nunha nova etapa marcada pola globalización, é o espazo onde se desenvolve a vida cotiá dos cidadáns, é o principal activo para que a nosa economía sexa competitiva e é o lugar clava para innovar e construír un futuro sostible, pero tamén o marco referencial con grandes calidades humanas, ambientais, culturais e paisaxísticas que debemos preservar”

Trátase pois, do deseño dun sistema incardinado no marco legal definido polos instrumentos de ordenación do territorio e coherente coas políticas europeas no eido da ordenación e o desenvolvemento territorial que permita, a través da monitorización do territorio, unha xestión dinámica sustentada na participación social e a gobernanza activa e integral.

1.2.2.3 Selección e proposta de indicadores

Aplicando os criterios de sustentabilidade definidos, se realiza unha proposta concreta de indicadores segundo a estrutura de Bloques-Variables e Subbloques- Aspectos clave. Este sistema de indicadores debe funcionar como unha ferramenta de medición da evolución das DOT e do resto de instrumentos de ordenación do territorio, cara o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable de sustentabilidade.

Para a definición desta serie partiuse da definida no ANEXO I.-Plan de seguimento da Memoria ambiental das Directrices de Ordenación do Territorio.

O traballo desenvolvido pola Comisión de Seguimento completou o sistema inicial, incorporándolle os específicos derivados do POL, definindo unha serie de indicadores, que se detallan para unha primeira entrega nun apartado posterior, e que cumpren cunha serie de características básicas:

- Están relacionados cos obxectivos de maneira que presentan a evolución da aplicación das DOT.
- Son facilmente medibles e susceptibles de analizar en series temporais.
- Reflicten a evolución temporal, de xeito que poden analizarse para prever ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número é suficientemente reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensibles por todos os axentes implicados.

Este sistema de indicadores permite avaliar a sustentabilidade das DOT e dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio mediante o seguimento da súa evolución cara o cumprimento dos obxectivos xerais propostos para o desenvolvemento dos mesmos, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables.

1.2.3 Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)

Establecido no ISA das DOT e recollido na Memoria ambiental, outro elemento que se considera complementario para o seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT, é aquel que é capaz de reflectir a percepción da cidadanía sobre a calidade de vida e do medio físico que habita

Para tal fin, propónse a realización dunha enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU), que ten por obxecto incorporar ao Plan de seguimento a consideración da percepción territorial da poboación acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural así como a valoración acerca das melloras pretendidas polos instrumentos de ordenación do territorio e/ou de urbanismo.


Como aproximación xeral, os aspectos máis significativos son:

- Acceso a servizos urbanísticos e dotacións (equipamentos e espazos libres)
- Proximidade a servizos comerciais
- Opcións ou alternativas para a mobilidade obrigada
- Calidade ambiental dende o punto de vista do confort e a minimización de problemas para a saúde. Isto pódese traducir na minimización da contaminación de calquera tipo.

Considerando estes aspectos e os mencionados nas orientacións recollidas nos ISA correspondentes (a-e), a modo de síntese, enténdese que a EPTU debería conseguir a seguinte información:

- Servizos urbanísticos: existencia ou acceso, calidade e valoración de melloras levadas a cabo o pretendidas
- Dotacións (equipamentos e espazos libres): existencia ou acceso, calidade e valoración de melloras levadas a cabo ou pretendidas
- Opcións ou alternativas para a mobilidade obrigada: existencia, calidade
- Calidade ambiental: problemas identificados e valoración de melloras levadas a cabo ou pretendidas
- Satisfacción global en atención aos temas anteriores
- Paisaxe: satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global

1.3 Procesos



O plan de seguimento aprobado por Decreto 176/2013 enténdese como un instrumento aberto, de avaliación do cumprimento dos obxectivos definidos nas DOT para os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo. Neste senso, o plan concibiuse como unha ferramenta que evolucionará e perfeccionarase a medida que se desenvolvan os correspondentes plans con incidencia sobre o territorio, pero tamén en función das actualizacións das fontes de datos ou das tendencias mostradas.

Deseñouse unha metodoloxía de traballo que contempla tres fases coas distintas funcións dos órganos implicados. O fluxo do traballo a realizar, de modo esquemático, consiste en:

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) coordina e formula as propostas.

Os Grupos Técnicos de Traballo (GTT) analizan, consensúan e validan as propostas.

A Comisión de Seguimento aproba as propostas.

O punto de partida da elaboración das ferramentas do seguimento da sustentabilidade territorial é o plan de seguimento da Memoria ambiental do procedemento de Avaliación ambiental estratéxica das DOT e o indicado no seu ISA.

Os indicadores propostos cumpriran cunha serie de características básicas:

- Estarán relacionados cos obxectivos de maneira que presenten a evolución da aplicación das DOT.
- Serán medibles e susceptibles de analizar en series temporais.
- Reflectirán a evolución temporal, de xeito que poden analizarse para prever ou corrixir tendencias negativas.
- seu número será suficientemente reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensible polos axentes implicados.
- Estarán facilmente dispoñibles.

O sistema de indicadores permitirá avaliar a sustentabilidade da planificación territorial derivada das DOT mediante o seguimento da súa evolución e a verificación do cumprimento dos obxectivos xerais propostos, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables

Cada indicador mostra un aspecto concreto do desenvolvemento nalgunha das súas dimensións e permite tirar conclusións sobre a realidade parcial que describe. Pero un conxunto de indicadores, como agregado de realidades parciais que coinciden no tempo, tamén ten potencial para a análise estrutural, como suma de descrições parciais, xa que supón a obtención de información relevante dende perspectivas distintas.

Os resultados dos distintos indicadores deberán facilitar unha lectura en termos de tendencia sobre os aspectos clave da sustentabilidade co obxectivo, no seu caso, de poder deseñar medidas que permitan reconducir aquelas que non sexan coherentes cos obxectivos estratéxicos das DOT e os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo que as desenvolvan.

No que se refire á Enquisa de percepción territorial e urbanística, esta deberá, segundo recolle o ISA das DOT, permitir coñecer a valoración de cuestións territoriais e urbanísticas como a satisfacción xeral da cidadanía e da veciñanza cos niveis de calidade de vida acadados en relación á ordenación territorial; as posibilidades de mellora estrutural e puntual; as melloras percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións das DOT; a calidade de espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento; e a satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

O proceso de deseño da EPTU parte de dúas enquisas que se realizaban dentro do marco do Plan Galego de Estatística, que manteñen relación cos obxectivos expostos; trátase de dous cuestionarios empregados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos á **“Enquisa de Condicións de Vida das Familias”** e á **“Enquisa Social: Fogares e Medio Ambiente”**. En colaboración co IGE proporase unha serie de modificacións a estes para que sexan capaces de dar resposta aos obxectivos da EPTU.

As propostas que desenvolvan os diferentes grupos técnicos de traballo (GTT) incluírán a avaliación dos resultados obtidos e, de ser o caso, as posibles medidas de resposta a estes.

O plan de seguimento da sustentabilidade territorial enténdese como un instrumento aberto na tarefa de avaliar o cumprimento dos obxectivos definidos nas DOT para os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.

Debe terse en conta que os instrumentos como os catálogos e directrices da paisaxe que deben elaborarse en resposta á Lei da paisaxe galega, os plans territoriais integrados que se redacten, así como os plans sectoriais ou de ordenación do medio físico, farán que tanto os Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) como os Indicadores de sustentabilidade territorial (IST) vaian redefiníndose, axustándose en función da concreción dos obxectivos que poden aportar estes documentos.

O sistema de indicadores irase modificando e perfeccionando ao longo do tempo de estudo, co criterio de utilizar os mellores indicadores posibles, en función de mellores fontes de información ou coñecementos implementados.

O conxunto de ferramentas que se definan na primeira anualidade de avaliación serán unha primeira proposta que deberá irse actualizando, e tamén completando e modificando en atención aos resultados, ás tendencias mostradas, aos datos de que se dispoña, ou aos posibles novos obxectivos, máis concretos, a acadar.

Por isto, o sistema de seguimento actualizarase periodicamente, en función da actualización dos datos que serven de base a formulación dos indicadores (IDI / IST) ou á Enquisa de percepción territorial e urbanística.

O seguimento dos resultados destas ferramentas poderán sinalar se existen desviacións, non previstas respecto aos obxectivos e aos posibles efectos, que fagan preciso implementar medidas correctoras para reconducir cara a unha maior sustentabilidade determinadas dinámicas no territorio.

Neste caso, elaboraranse propostas de corrección das tendencias negativas, que avaliarán os Grupos Técnicos de Traballo, e que a Comisión de Seguimento recomendará incorporar nas actuacións das administracións públicas co obxecto de servir de apoio para o establecemento de estratexias de desenvolvemento acordes aos parámetros de sustentabilidade.

Tanto a definición das ferramentas como os seus resultados ou as recomendacións que, de ser o caso, se formulen formarán parte do Informe de seguimento, que ten unha periodicidade anual.

1.4 Contextualización no marco das operacións estatísticas

O Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) fundaméntase, nunha recompilación de información e elaboración da mesma para un mellor coñecemento das distintas variables de sustentabilidade e da súa evolución no tempo, coa vocación de formar parte do coñecemento xeral nunha sociedade participada por todos, cidadáns, empresas, asociacións e administracións.

Da análise da definición que da actividade estatística se da na lei reguladora galega, dedúcese que esta é quen de reforzar a solvencia do sistema de seguimento formulado.

A estes efectos, no seo dos dezasete grupos de traballo (GTT), contou-se, dende o inicio, coa presenza do órgano estatístico da Comunidade Autónoma (IGE), coa finalidade de que aportara, non só o seu coñecemento na xestión de datos, senón que ademais velase porque os procedementos de recompilación, tratamento e xestión dos datos, foran quen de incorporarse, a medio prazo, ao programa estatístico da Comunidade autónoma.

Neste senso, e de xeito parello a elaboración do primeiro Informe, iniciouse a elaboración do correspondente proxecto estatístico integrado pola meirande parte dos indicadores e que seguirá, alimentando a converxencia á oficialidade do sistema de indicadores. Así, a Consellería de Facenda, a través do Decreto 164/2014, do 26 de decembro polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2015, incorpora no apartado “Territorio” o proxecto “*11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia2*”, na fase de implantación.

Dáse así por iniciada esta acción, derivada do PSST, que non só contribúe a enriquecer o programa estatístico galego, senón que tamén demanda un esforzo de extraordinaria utilidade para a sistematización dos procesos de obtención e explotación da información levada a cabo a partir dos distintos procedementos e accións da administración pública no desenvolvemento das políticas sectoriais.

Proposta informe 2015

Para este segundo informe formúlanse 7 indicadores de desenvolvemento (IDI) e 42 indicadores IST.

Estes últimos distribúense segundo os bloques definidos, do seguinte xeito: 3 no de ocupación do territorio (OC); 1 de paisaxe; 4 en patrimonio natural (PN); 2 en patrimonio cultural (PC), 25 en sociedade e economía (SE); 6 en metabolismo (MET) e 1 en mobilidade (MOB).

Destes 42 indicadores, dez deles se incorporan ao Plan de seguimento das DOT nesta edición; 37 calcúlanse no ámbito da Comunidade Autónoma e 22 en ámbito do POL. Vinte e sete indicadores son actualización dos 32 calculados no ano 2014.

Asemade, a EPTU desenvolveu a fase do traballo de campo en 2015 e os resultados prevense para o terceiro trimestre do vindeiro exercicio.

2 Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

Os *Indicadores de desenvolvemento e implantación* (IDI) fan un seguimento dos distintos instrumentos de ordenación territorial e urbanístico que se elaboran en desenvolvemento das DOT, así como das diferentes planificacións que cada departamento impulsa, en virtude dos obxectivos marcados nas DOT.

Avalían en que medida se está a levar a cabo os diferentes instrumentos de ordenación do territorio e planeamento urbanístico que concretan o modelo proposto.

As DOT inclúen, entre outros, os seguintes obxectivos xerais relacionados cos indicadores de desenvolvemento e implantación.

- Contribuír a un modelo territorial que teña en conta a potencialidade do territorio, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.
- Proporcionar criterios e normas para a elaboración dos instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia.

Os Indicadores de desenvolvemento e implantación finalmente definidos foron estruturados en dous bloques atendendo á natureza dos instrumentos que son analizados en cada un deles; segundo isto, o primeiro bloque denominouse **Ordenación do territorio** e segundo o **Planeamento**.

2.1. Bloque 1. Ordenación do territorio (OT)

As DOT, como instrumento marco do modelo territorial de Galicia, precisan do seu desenvolvemento a través dos restantes instrumentos de ordenación do territorio establecidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro. Os indicadores deste bloque permiten contabilizar os instrumentos aprobados ou en elaboración tras a aprobación das DOT e cuantificar a súa incidencia territorial.

A partir da contabilización destes elementos, pódese estimar o grao de desenvolvemento do modelo territorial definido nas DOT, garantes dun uso sustentable, equilibrado e ordenado do territorio estudado.

O plan de seguimento analiza os seguintes indicadores de desenvolvemento e implantación referidos á Ordenación do Territorio:

Táboa 3. Indicadores do bloque de Ordenación do Territorio

Sub-bloque	Indicador
Plans territoriais integrados (PTI)	PTI aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT
Programas coordinados de actuación (PCA)	PCA que desenvolven o modelo territorial das DOT
Plans sectoriais	Número de Plans sectoriais aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración

O conxunto destes indicadores agrúpanse en tres sub-bloques; **A. Plans territoriais integrados**, **B. Programas coordinados de actuación** e **C. Plans Sectoriais**.

Non se actualiza neste segundo Informe ningún indicador correspondente aos sub-bloques A e B, xa que, no que atinxe os Plans territoriais integrados non se produciron variacións ao exposto no primeiro Informe e non consta que se teña aprobado

algún Programa coordinado de actuación segundo o modelo definido nas DOT ou que exista actualmente algún en elaboración.

Sub-bloque A. Plans Territoriais Integrados (PTI)

O indicador relativo a estes instrumentos de ordenación do territorio non presenta variacións cos datos do primeiro informe, xa que non se iniciou ningún outro PTI e aínda está en tramitación o PTI da bacía hidrográfica do río Eume.

O indicador reflicte que existe actualmente un PTI aprobado que desenvolve o modelo territorial das DOT e outro en elaboración. A superficie do territorio incluída nun PTI alcanza o 9% da total de Galicia. No seguinte gráfico pódese analizar a porcentaxe de superficie de cada provincia incluída nestes plans. Ambos planes desenvolven o modelo territorial das DOT co obxectivo de propiciar un sustentable e equilibrado. (Ilustración 3).




Ilustración 3. Porcentaxe de superficie no ámbito do PTI

No seguinte mapa móstranse os ámbitos dos PTI contabilizados no indicador (Ilustración 4).




Ilustración 4. Ámbito territorial dos PTI

Sub-bloque C. Plans sectoriais

O indicador **Número de Plans sectoriais aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT** mostra o grao de implantación territorial destes instrumentos de ordenación do territorio.

Os Plans sectoriais, como instrumentos de ámbito supramunicipal, que desenvolven o modelo territorial das DOT, teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público cando a súa incidencia transcenda a dun municipio concreto. As propias DOT xa enuncian unha serie de Plans sectoriais a desenvolver.

En setembro de 2015 poden contabilizarse, aprobados ou en elaboración, segundo o modelo territorial das DOT, 8 Plans sectoriais. Destes 8 plans, 4 están xa aprobados, mentres que os outros 4 atópanse en elaboración.

O alcance dos ámbitos territoriais de implantación destes planes sectoriais, que con carácter xeral é o da Comunidade Autónoma, varía en función da natureza ou sector ao que dan resposta, de xeito que algúns como os Planes da rede viaria atenden as distintas provincias, o Plan director de acuicultura litoral se estende no ámbito litoral ou se desenvolven na totalidade da Comunidade como o Plan de ordenación de áreas empresariais.

O indicador identifica o número de Plans que afectaban a cada concello. (Ilustración 5).





Ilustración 5. Nº de Plans sectoriais aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT, por concello ao que afectan

2.2. Bloque 2. Planeamento (P)

En ausencia de plan territorial integrado, as DOT son o marco de referencia para a elaboración do planeamento urbanístico municipal.

Os indicadores avalían o grao de implantación das DOT a nivel municipal mediante o planeamento urbanístico; contabilizando os instrumentos aprobados segundo o modelo definido nas DOT ou que se atopan en elaboración ao tempo que cuantifica a superficie relativa na que estes planes inciden.

Xunto aos indicadores relativos aos PXOM, desenvólvese o indicador relativo aos instrumentos de planificación territorial e urbanística que teñen regulan as operacións de transformación urbanística.

O planeamento de desenvolvemento urbanístico e determinados instrumentos de ordenación do territorio constitúen o paso previo inmediato ás operacións de transformación urbanística do solo segundo as determinacións de carácter xeral establecidas pola planificación de rango superior. Estes procesos de transformación do uso do solo son a base para analizar o modelo de ocupación do solo, que no seu aspecto territorial, deberá ser coherente e compatible coa integridade do medio natural

O plan de seguimento analiza, neste segundo informe, os seguintes indicadores de desenvolvemento e implantación referidos ao Planeamento urbanístico:

Táboa 4. Indicadores do bloque de Planeamento

Sub-bloque	Indicador
Plans Xerais de Ordenación Municipal	Número de PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración
	Porcentaxe de PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración
	Porcentaxe de superficie con PXOM aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración
Instrumentos de Desenvolvemento	Desenvolvemento urbanístico

Sub-bloque A. Plans Xerais de Ordenación Municipal

O sub-bloque A. Plans Xerais de Ordenación Municipal avalía o grao de desenvolvemento e de implantación destes instrumentos de planeamento aprobados e adaptados ao modelo territorial definido nas DOT ou en elaboración actualmente.

Os PXOM son instrumentos urbanísticos de ordenación integral que abranguen un ou varios termos municipais completos e que, entre outras cuestións, deben establecer un réxime xurídico do solo e unha estrutura xeral da ordenación urbanística que garantan un desenvolvemento compatible coa defensa do medio natural na procura dun crecemento sustentable e equilibrado nunha sociedade cada vez máis cohesionada.

Os tres indicadores definidos neste sub-bloque aportan datos en valor absoluto e en porcentaxe sobre os PXOM, e permiten coñecer a súa incidencia territorial.

Os municipios galegos que teñen o seu planeamento en elaboración de acordo ao modelo territorial definido polas DOT suman 170 municipios, o 54,1% dos municipios galegos que representan o 61,55% da superficie da Comunidade, mentres que os que xa contan co instrumento aprobado, na actualidade son 21 o que supuxo un incremento de máis dun 133% con respecto o anterior Informe e representan o 5,75% da superficie e o 12,36% da poboación de Galicia ([Ilustración 6](#)).




Ilustración 6. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. 2015

Os seguintes gráfico ([Ilustración 7](#)) e mapas ([Ilustración 9](#) e [Ilustración 10](#)) reflicten o estado do planeamento nas provincias e municipios de Galicia.




Ilustración 7. Evolución provincial do número de PXOM aprobados entre 2013 – 2015

Sub-bloque B. Instrumentos de Desenvolvemento

Os instrumentos de ordenación do territorio e planificación urbanística constitúen unha referencia para o seguimento dos procesos de transformación urbanística do solo e polo tanto dos procesos de artificialización.

O indicador **Desenvolvemento urbanístico**, permite avaliar cuantitativamente a incidencia territorial destes procesos do desenvolvemento urbanístico, materializado mediante os instrumentos de ordenación territorial e planificación urbanística, que teñen como consecuencia a transformación urbanística do solo.

Contabilízanse os instrumentos de ordenación territorial e urbanística que impliquen transformación urbanística, aprobados con posterioridade ás DOT (22/02/2011).

Os resultados obtidos indican que, dende a aprobación das DOT ata setembro de 2015, aprobáronse 81 figuras de planeamento de desenvolvemento desa natureza; por tipo de instrumento, 21 derivan do planeamento urbanístico municipal e 9 responden a proxectos sectoriais.

Neste período, son 27 os concellos nos que se ten desenvolvido un instrumento de desenvolvemento, dos cales a maioría pertencen á provincia da Coruña e Pontevedra; os sete proxectos sectoriais afectan a nove concellos e os 21 planes parciais e de sectorización fano a outros tantos concellos ([Ilustración 8](#) e [Ilustración 11](#)).





Ilustración 8. Número de instrumentos de ordenación territorial e urbanística que implican transformación urbanística (2011 e 2015)



Estado do planeamento municipal

■ Aprobado adaptado ás DOT
■ En elaboración
■ Non adaptado ás DOT





Ilustración 9. Estado do planeamento municipal 2013



Estado do planeamento municipal

■ Aprobado adaptado ás DOT
■ En elaboración
■ Non adaptado ás DOT






Ilustración 10. Estado do planeamento municipal 2015



Municipios con planeamentos de desenvolvemento con transformación urbanística aprobados segundo as DOT. Densidades de poboación e municipios AU/RU





Ilustración 11. Evolución do indicador 2013 - 2015

3 Indicadores de sustentabilidade territorial (IST)

Os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) agrúpanse en bloques e sub-bloques segundo a relación establecida cos obxectivos sinalados polas DOT a partir das variables de sustentabilidade identificadas.

3.1. Bloque 1. Ocupación do territorio (OC)

Tanto as Directrices de ordenación do territorio (DOT) como o Plan de ordenación do litoral (POL) incorporan a determinación de propiciar unha ocupación ou consumo do solo baseada na consideración de este como un recurso non renovable e finito sobre o cal ten que desenvolverse a actividade humana, hoxe e no futuro. Este constitúe un dos bloques de indicadores con maior incidencia territorial e fai referencia ao consumo eficiente do solo, aspecto no cal as DOT e o POL desglosan o obxectivo de promover unha ocupación racional do solo a partir dos procesos históricos de organización do territorio, priorizando a consolidación dos núcleos existentes e a contención-compactación do construído, cun espazo público de calidade, que garanta a conexión biolóxica dos sistemas naturais e limitando o crecemento en zonas de risco natural ou antrópico.

O bloque de Ocupación do Territorio agrupa en 4 sub-bloques os indicadores definidos, co obxectivo de avaliar como se leva a cabo a ocupación do solo e se se realiza con criterios de eficiencia e sustentabilidade.

Estes sub-bloques son: **A. Usos do solo, B. Distribución-dispersión, C. Intensidade, D. Riscos naturais e antrópicos.** Os indicadores incorpóranse progresivamente e completarán o sistema de seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT.

A ocupación do solo pola edificación ou infraestruturas implica unha desnaturalización do medio en maior ou menor grao e, segundo sexa a forma en que estas se construíron, exercerase unha presión de diferente intensidade sobre o territorio.

O termo de ocupación atende á natureza dos elementos presentes, pode ser un sistema composto por elementos maioritariamente artificiais (materia inerte), como poden ser as rúas dunha cidade, unha estrada ou un sistema formado por elementos biolóxicos (materia viva), como un bosque o un cultivo, entre outros.

Táboa 5. Indicadores do bloque de Ocupación do Territorio

Sub-bloque	Indicador	Ámbito
Usos do solo	Usos do solo	DOT/POL
Distribución-dispersión	Proximidade aos núcleos de carácter fundacional	POL
Intensidade	Índice de saturación	POL
	Crecemento previsto	POL
	Grao de conurbación	POL
	Vivendas familiares	DOT

Sub-bloque A. Usos do solo

As variacións nas coberturas do solo responde aos usos do solo e aportan información de interese para avaliar a funcionalidade dos ecosistemas naturais que se ven sometidos a interaccións entre as dinámicas antrópicas e as naturais.

O indicador de **Usos do solo** actualizouse a partir dos datos de 2011 do Sistema de Información de Ocupación do Solo en España (SIOSE) o que supón unha diferenza de seis anos con respecto ao indicador incluído no primeiro informe, apoiado nos datos do SIOSE do 2005.

Este indicador estrutúrase en distintos sistemas, en función do tipo de uso e diferenciando aqueles que responden a unha dinámica natural, sen aporte de enerxía esóxena ou a unha dinámica antrópica, noutro caso.

Os datos indican que os usos de dinámica natural² representan máis do 46 % das coberturas totais en Galicia (**Ilustración 12**), valor similar ao do 2005 (45,8%) cun aumento de 10.585 ha máis. Esta tendencia subscríbese tamén a nivel provincial, sendo Ourense a provincia na que estes usos acadan un valor máis alto, representando un 60,2% da superficie total, cifra moi afastada das tres provincias restantes; A Coruña e Pontevedra, onde a porcentaxe de usos naturais é de 34,46% e 40,41% respectivamente, presentan os valores máis baixos, diferenciando o eixo atlántico das provincias orientais (**Ilustración 13**).

² Constituído por bioxénese (vexetación costeira, bosques autóctonos, de ribeira, de recolonización formacións húmidas ou mato), xeoformas (praias, dunas, lagoas e humedais costeiros, cantís) e intermareal (chairas intermareais, marismas).




Ilustración 12. Evolución do indicador entre 2005 e 2011




Ilustración 13. Valores provinciais da porcentaxe de superficie ocupada por usos de dinámica natural (2011)

O indicador **Usos do solo**, atribúe á Comunidade Autónoma un predomínio do uso agroforestal cun 45,7% da superficie total, e do sistema Bioxénese cun 42,5%, mentres que o sistema construído non acada o 6% da superficie.

Esta situación non se viu alterada pola actualización do indicador, tendo en conta que as variacións non acadan o medio punto

porcentual; so nas provincias da Coruña e Pontevedra incrementouse nun 1% o sistema construído, sinalando os concellos da Coruña (4%) e Sanxenxo (3%) como aqueles nos que, tanto en valor absoluto como en porcentaxe, rexistraron unha maior variación do sistema construído. As [Ilustración 14](#) e [Ilustración 15](#) mostran as porcentaxes nos distintos concellos en 2012 e en 2013




Ilustración 14. Porcentaxe de usos de dinámica natural 2012




Ilustración 15. Porcentaxe de usos de dinámica natural 2013

Sub-bloque C. Intensidade

O solo, como recurso non renovable, precisa dun consumo eficiente e racional, especialmente na súa variable máis representativa como é a planificación de novos desenvolvementos urbanos e as infraestruturas. Aspectos relevantes son a súa distribución, densidade, intensidade ou posición relativa en relacións cos xa existentes, particularmente relacionados coa fragmentación da paisaxe como matriz biofísica do territorio.

A forma en que se ocupa o territorio, a situación e o xeito de facelo incidirá no resto das dinámicas, tanto socioeconómicas como de mobilidade, as cales terán o seu reflexo en outros moitos indicadores como os relacionados co ciclo da auga, coa calidade do aire, a conectividade ecolóxica ou a biodiversidade.

O grao de esponxamento dos asentamentos urbanos así como a dispersión no territorio destes, será clave para a viabilidade dos sistemas de transporte público ou para propiciar sistemas de mobilidade alternativa.

Non en tanto, o primeiro dos aspectos a avaliar é o que se refire á escala destas previsións, e se gardan relación cunha necesidade real de crecemento.

Dos 82 concellos que conforman o ámbito litoral, ordenado polo Plan territorial integrado de ordenación litoral de Galicia (POL), na data do cálculo deste indicador, decembro 2013, cinco concellos tiñan adaptado o seu plan xeral a este documento territorial.

A diversidade das situacións urbanísticas preexistentes traduciase, en moi diferentes intensidades de solo transformado ou con previsión de transformación, nos distintos concellos do ámbito. O indicador **Índice de Saturación**, que reflicte a relación entre a superficie do concello e o solo que o planeamento urbanístico recoñece como solo urbanizado real ou futuro (ano 2011), amosou un valor medio para o espazo litoral do 17,6%, tendo en conta unicamente aqueles ámbitos existentes ou que o POL entendeu compatibles co modelo proposto.

A análise realizada no ano 2013, para estes cinco concellos non modifica este valor significativamente (17,8%).

A nivel municipal, compre salientar a heteroxeneidade dos valores por concello, tendo en conta a variabilidade das superficies municipais e o grao de urbanización, mostrando un rango de valores entre o 81,4% da Coruña ou concellos turísticos como Sanxenxo (65%) ata o 1,4% de Mañón e outros da Costa da Morte ou da Comarca de Ortegal. O 50% dos concellos non acadan o 23% no índice de saturación e so un 25% superan o 32% mentres que outro 25% presenta un índice inferior ao 11%.

A diferente situación urbanística de partida dos concellos que aprobaron un plan adaptado ao POL, explica as porcentaxes que reflicten a variación na saturación urbanística de uns e outros. Aqueles concellos que, como Marín (+28,9%) e Camariñas (+4%), tiñan un documento non adaptado á LOUG, que apenas recoñecía ámbitos de solo urbano ou urbanizable rexistran un incremento notable que, sen embargo, non significa unha forte previsión de crecemento senón o axuste do solo construído e urbanizado de facto á clasificación urbanística correspondente.

Non entanto, A Coruña, que revisou o plan do ano 1998, ou Xove, reducen a superficie total de solo urbanizado ao incorporar os criterios e principios do POL e racionalizar os procesos de ocupación de solo.

O indicador **Vivendas familiares** consta de varios parámetros de medida, que permiten analizar a evolución decenal das vivendas que non se ocupan habitualmente (secundarias, baleiras, empregando a denominación dos censos de vivendas), tanto en números absolutos como en peso relativo. A maiores, unha quinta medida, estuda a evolución anual experimentada polo número de inmobles de uso residencial segundo os datos do Catastro (Ilustración 14).




Ilustración 16. Evolución do indicador Vivendas familiares 2001 - 2011

Durante este período, aumentou o parque de vivendas nun 22,7% mentres que a poboación rexistrou un incremento do 1,4%, o que indica unha desproporción entre a necesidade de vivenda asociada ao crecemento poboacional, tanto residente como flotante.

A análise realizada, a partir dos censos de 2001 e 2011, indica que o número de vivendas non principais pasou de 407.758 a 546.248. A principios da década estudada supoñían o 31,2% do parque total de vivendas e ao final deste período xa representaban o 34% (Ilustracións 15 e 20).

Este incremento no parque de vivendas non principais ten a súa principal explicación no denominado “boom inmobiliario”, proceso durante o cal se sobredimensionou a construción respecto ás

necesidades da sociedade, tendo en conta a evolución demográfica.




Ilustración 17. Porcentaxe de vivendas principais, secundarias, baleiras en 2011

Os resultados do índice de poboación turística (indicador Intensidade turística) no ano 2011 (0,84%) tampouco parece xustificar ese aumento do número de vivendas que permanecen desocupadas todo ou gran parte do ano. Este factor, por tanto, só explica os valores acadados naqueles concellos que presentan maior intensidade turística.

En 2011, a vivenda secundaria representa con respecto do total de vivendas familiares, arredor dun 13,3% na Coruña, dun 12,6% en Pontevedra, un 22,8% en Ourense e un 19,2% en Lugo.

No ano 2011, os concellos que contan con máis vivendas secundarias coinciden coas grandes cidades, en particular A Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense, tamén algúns concellos turísticos como Sanxenxo, Baiona ou Nigrán. Porén, o peso relativo é máis importante en moitos municipios rurais do interior (A Veiga, O Bolo, Baños de Molgas, etc.), e tamén en concellos turísticos costeiros como Barreiros e Sanxenxo, sen que se aprecie unha correlación clara entre esta variable e o sistema de asentamentos proposto polas DOT.

Entrando en máis pormenores, os datos indican que de todas as vivendas que non se ocupan habitualmente, as secundarias son as que experimentaron un maior incremento. No ano 2011 había 246.735 vivendas secundarias, o que supón un incremento do 48% respecto ás do ano 2001 (166.711) (Ilustracións 16 e 17). Ao final desa década, supoñían o 15,4% do parque total de vivendas familiares, é dicir, o seu peso relativo aumentou 2,7 puntos.




Ilustración 18. Evolución provincial das vivendas secundarias entre 2001 e 2011

Os valores municipais tamén poden estar influídos por outros factores como o avellentamento da estrutura poboacional, que afecta especialmente ao medio rural. Un elevado número de falecementos leva aparelado un incremento do número de vivendas non principais que, ao acabar nas mans dos herdeiros, pasan a ter en moitos casos un uso vacacional ou simplemente a permanecer desocupadas.

Por concellos, destacou a ampliación do parque de vivendas secundarias en Sanxenxo e Lugo (6.210 e 3.023 respectivamente) pero en termos porcentuais foi moito máis acusado nalgúns concellos rurais do interior.




Ilustración 19. Valores provinciais da porcentaxe de vivenda secundaria respecto do total de vivendas familiares en cada provincia e respecto das secundarias de Galicia en 2001 e 2011

En 2011, os municipios con máis vivendas clasificadas como baleiras eran as sete grandes cidades, cabeceiras do sistema urbano intermedio (Vilagarcía de Arousa, Ribeira, Carballo, etc.) e concellos das periferias urbanas (como Arteixo, Ames, Narón, etc.). Polo contrario, adquiriron maior peso relativo no rural (Castrelo do Val, Porqueira, Melón...), aínda que tamén figuran en postos destacados algúns concellos do litoral –nalgúns casos con importancia turística– como Carnota, Foz, Malpica de Bergantiños, Cedeira, etc.

No caso das vivendas *baleiras*, a variación entre 2001 e 2011 cifrouse no 30,5%. A finais do decenio había 299.301 vivendas *baleiras*, que supoñían o 18,6% do parque total de vivendas familiares. O seu peso relativo aumentou un punto e unha décima en comparación co que tiña no ano 2001 (Ilustración 18).

Durante eses dez anos, Ourense, Ribeira, Santiago de Compostela, Foz e Vilagarcía de Arousa gañaron moita vivenda baleira/outras pero, en termos porcentuais, sobresaíron moitos concellos do interior.




Ilustración 20. Variación dos valores provinciais da porcentaxe de vivenda baleira respecto do total de vivendas familiares en cada provincia e en Galicia entre 2001 e 2011

En relación á quinta medida deste indicador, que analiza información máis actualizada (anos 2012 e 2013) pero subministrada por outra fonte de información (Catastro), tirouse a conclusión de que o número de inmobles de uso residencial en Galicia está evolucionando en sentido inverso a como o fai a poboación. O número de inmobles continúa crescendo (a un ritmo do 0,5%) mentres estamos sufrindo unha involución poboacional (-0,6%). De acordo cos resultados do indicador Crecemento vexetativo (-3,9 por mil no ano 2013) esta situación non vai mellorar a curto prazo e é especialmente negativa nas zonas con menor grao de urbanización.

Na última data de referencia (ano 2013), Galicia contaba con 1.563.045 inmobles de uso residencial, un terzo dos cales están concentrados nas sete grandes cidades galegas (so Vigo e A Coruña reúnen o 16,5%).

Ao igual que ocorre coa poboación, os concellos máis occidentais e próximos ao litoral contan con máis inmobles residencias. Por provincias, A Coruña xunto con Pontevedra acadan o 69% do número total dese tipo de inmobles ([Ilustración 19](#)).





Ilustración 21. Valores provinciais do número de inmobles de uso residencial en Galicia no ano 2013

Concluindo, os resultados das cinco medidas deste indicador denotan que durante os últimos anos a evolución do parque de vivendas non se axustou ás necesidades derivadas da previsión do crecemento poboacional, como se sinala nas DOT (det. 3.1.15) indicando a necesidade de dar prioridade á rehabilitación fronte á construción de nova vivenda.




Porcentaxe de vivendas non principais (secundarias e baleiras) por municipio





Porcentaxe de vivendas secundarias, baleiras e outras en Galicia

Porcentaxe de vivendas non principais (secundarias e baleiras) respecto ao total de vivendas familiares en Galicia = 34%



Variación da porcentaxe de vivendas non principais (secundarias e baleiras) respecto ao total por municipio (2001 - 2011)



Número de vivendas secundarias e baleiras en Galicia = 546.036

Número de vivendas familiares en Galicia = 1.605.483

Ilustración 22. Porcentaxe e variación da porcentaxe de vivendas non principais por municipio entre 2001 e 2011

3.2. Bloque 2. Paisaxe (PAI)

O bloque de Paisaxe analiza o grao de desenvolvemento da Lei da paisaxe de Galicia, no que atinxe aos instrumentos de desenvolvemento que prevé, senón tamén no que se refire aos procesos de xestión a través da elaboración dos Estudos de impacto e integración paisaxística.

Uns e outros son medios para contribuír á conservación e recuperación de espazos, paisaxes e elementos que favorezan a calidade paisaxística e garantir o mantemento dos trazos paisaxísticos e xeomorfolóxicos do territorio.

Táboa 6. Indicadores do bloque de Paisaxe

Sub-bloque	Indicador	Ámbito
Xestión da paisaxe	Aplicación dos instrumentos da Lei da Paisaxe	DOT

O indicador definido avalía o desenvolvemento das accións previstas na lei como paso cualitativo no desenvolvemento de políticas de valoración e protección da paisaxe, entendido como un activo básico da calidade de vida e do potencial desenvolvemento económico de Galicia, así definido nas DOT.

Dos tres parámetros empregados, non se constatan variacións en dous mentres que se actualiza a que reflicte as accións no eido da integración paisaxística.

Aínda que non se ten aprobados novos catálogos de paisaxe, o Catálogo das paisaxe de Galicia completará, previsiblemente no 2016, o camiño iniciado co *Catálogo da paisaxe da comarca do Deza* e implicará a identificación e caracterización da totalidade das unidades de paisaxe no territorio galego.

A actualización do indicador, cuantifica o esforzo despregado no eido da integración paisaxística das actuacións no territorio, tanto nos procedementos de Avaliación ambiental como en virtude do previsto nas DOT ou no Plan de ordenación do litoral.

No período 2012-2013 informáronse 84 Estudos de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) que afectaron a 100 concellos.

A análise por concellos, indica que no 60% dos concellos elaborouse algún EIIP. Polo tanto, no período 2009-2013 os EIIP afectaron a un total de 191 concellos. (Ilustración 23).




Ilustración 23. Variación de EIIP entre 2009 e 2013

Os EIIP procuran a correcta integración paisaxística da actividade humana, que necesariamente modifica a paisaxe, de xeito que se preserven as sinais identitarias dun territorio, a diversidade das paisaxes e os seus valores máis relevantes. Neste senso, os EIIP abordaron temáticas variadas; parques eólicos, concentracións parcelarias, explotación agrogandeiras, mineiras, liñas aéreas de transporte de enerxía ou instalacións de tratamento de residuos, entre outras.

3.3. Bloque 3. Patrimonio natural (PN)

A planificación e xestión dos recursos que constitúen o patrimonio natural de Galicia, resulta relevante para garantir a conservación e mellora dun dos elementos máis representativos de Galicia e un dos principais factores de desenvolvemento.

O modelo de ocupación do solo incide directamente nos elementos do patrimonio natural de xeito que este modelo poderá propiciar a conservación da biodiversidade e da conectividade entre espazos.

A análise da situación e evolución do patrimonio natural, en sentido amplo, aporta elementos de valoración da sustentabilidade dos procesos económicos e sociais ao reflectirse nel as presións sobre o territorio.

Os indicadores estudados, estruturados en tres sub-bloques (naturalidade, biodiversidade e xestión), conforman distintas aproximacións ao patrimonio natural, ao implicar ámbitos espaciais distintos e fontes de información de diversa natureza e periodicidade. A avaliación destes indicadores ao longo do tempo permitirá determinar os efectos sobre o Patrimonio natural dos instrumentos de ordenación do territorio que se elaboren en desenvolvemento das DOT e, polo tanto, o grao de consecución do obxectivo de priorizar unha ocupación do territorio que minimize a desaparición de hábitats vulnerables e garanta as conexións ecolóxicas axeitadas entre os espazos de maior valor.

A naturalidade, medida como o grao de alteración das características primitivas dun territorio, abórdase co indicador **Artificialización do territorio**. Este indicador mostra que, entre 2005 e 2011, non houbo modificacións significativas a escala autonómica no grao de naturalidade do territorio nin en ningunha das catro categorías de consideradas (Ilustración 24).




Ilustración 24. Evolución do indicador Artificialización do territorio no período 2005-2011

A aproximación á Biodiversidade faise de xeito indirecto, analizando a variación das coberturas nos espazos delimitados como corredores ecolóxicos polo Plan de ordenación do litoral (POL). Este plan establece a necesidade de manter a biodiversidade asociada aos corredores, propiciando as dinámicas naturais nestes espazos. O indicador **Superficie de interese para a conservación en corredores** analiza as variacións experimentadas na superficie delimitada como corredor ecolóxico como consecuencia da aprobación de PXOMs que modifican a delimitación destes espazos establecida no POL. Avalíanse as variacións cuantitativas e cualitativas, atendendo tanto á superficie total delimitada como corredor, como aos usos de dinámica natural e aos bosques rupícolas que engloban.

A figuras de protección de espazos naturais empréganse para acercarse á xestión do Patrimonio natural, xa que o recoñecemento como tales é o primeiro paso para a conservación destes. O

indicador **Superficie de espazos naturais protexidos** recolle a extensión das porcións do territorio cos mellores ecosistemas, polo que debe de ser protexida para o seu correcto funcionamento. Estas superficies agrúpanse en tres categorías, segundo se trate da Rede galega de espazos naturais protexidos, da Rede Natura 2000 ou doutras figuras de rango internacional, as cales, moitas veces, solápanse. Nas dúas primeiras categorías non se rexistran variacións de superficie con respecto ao 2012, mentres que a Declaración da zona de Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e terras do Mandeo incrementou a superficie na terceira das categorías en 113.970,71 hectáreas.

Tamén, pero pola razón oposta, estúdase a superficie queimada polo incendios, ao supoñer a perda da súa naturalidade e biodiversidade.

Táboa 7. Indicadores do bloque Patrimonio natural

Sub-bloque	Indicador	Ámbito
Naturalidade	Artificialización do territorio	DOT
Biodiversidade	Superficie de interese para a conservación en corredores	POL
Xestión	Superficie de espazos naturais protexidos	DOT/POL
	Ocorrenza de incendios	DOT


Sub-bloque A. Naturalidade

A análise do Sub-bloque A. Naturalidade baséase en que os usos artificiais do solo dificultan a permeabilidade ecolóxica e provocan a aparición de barreiras que incrementan a fragmentación paisaxística, alterando o funcionamento dos ecosistemas naturais.

No intervalo de seis anos para o que se actualizou o indicador de **Artificialización do territorio**, non se rexistraron variacións significativas a nivel Galicia, manténdose as porcentaxes das catro categorías de naturalidade estudadas.

O índice de artificialización por concello continúa sinalando aos concellos das grandes cidades e do seu perímetro como os de maior índice de artificialización; A Coruña e Vigo cun valor por

encima de 5 e Ourense cun índice de 3,33. Os concellos das grandes áreas paisaxísticas da Galicia Central, Serras Orientais, Serras surorientais e Galicia Septentrional acadan os índices máis baixos, sendo Lobios o que presenta o menor valor, cun índice de 0,63 (Ilustración 25).



Índice de artificialización do territorio

0,6- 1,6% 1,6 - 2,2% 2,2 - 2,7% 2,7 - 6%

Ilustración 25. Índice de artificialización do territorio 2011

Sub-bloque B. Biodiversidade

A actualización do valor do indicador de **Superficie de interese para a conservación en corredores**, permitiu medir a evolución das zonas identificadas como de interese para a conectividade ecolóxica.

Analizáronse os Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOMs) aprobados no ámbito litoral durante o período de estudo, que corresponden aos concellos de Marín, Camariñas, A Coruña, Xove e Burela. Os plans destes concellos delimitaron os espazos de corredor ecolóxico, ben mantendo os definidos no POL, ben establecendo outros co obxectivo de mellorar a conectividade ambiental e funcional.

Os PXOMs dos concellos da Coruña, Xove e Burela manteñen os espazos de corredor delimitados no POL mentres que Camariñas e Marín modifican o seu trazado. A superficie total de corredores vese incrementada en 94 ha ampliando o número de corredores no caso de Marín, para conectar dúas zonas fluviais co bordo litoral en Casais e Cabodevila.

Considérase que os usos de dinámica natural, favorecen a conectividade ecolóxica, fundamental para a conservación da biodiversidade de hábitats e especies, así como para a dispersión xenética.

En decembro de 2013, na área de corredor ecolóxico, os usos de dinámica natural suman 7.554 ha ([Ilustración 26](#)), un 35,4% da superficie total de corredor, e 18 ha máis que en 2011.




Ilustración 26. Evolución da superficie de corredores entre 2011 e 2013

Estes cambios producíronse nos dous únicos concellos, Camariñas e Marín, que modificaron a delimitación orientativa que o Pol estableceu para os corredores ecolóxicos; en Camariñas (-1,3ha) e Marín (+19,75ha).

En termos relativos, non se modifican as porcentaxes dos usos de dinámica natural (35,4%) ou de bosques de ribeira (10,4%) incluídos na superficie de corredor.

O obxectivo enunciado no POL, de garantir a conectividade dos espazos e hábitats costeiros co resto do territorio así como a xestión dos espazos máis adecuados para este fin, vese atendido pola delimitación nos termos municipais de espazos de corredor ecolóxico que propicien a conservación dos valores ecolóxicos e a función de conectividade entre espazos litorais e zonas do interior.

Tanto a delimitación como unha correcta xestión destes espazos contribuirá á constitución dunha efectiva infraestrutura verde a escala territorial.

O incremento da superficie de corredor rexistrada, resulta coherente cos principios e estratexias propostos nas DOT e no POL ao reforzar a malla de corredores ecolóxicos. No futuro poderase analizar se a xestión destes espazos favorece a conservación das especies de maior valor, a biodiversidade e a mellora dos bosques de ribeira ([Ilustración 27](#)).




Ilustración 27. Superficie de corredores ecolóxicos (2013)

Sub-bloque C. Xestión

Os indicadores **Superficie de espazos naturais protexidos**, e **Ocorrencia de incendios** actualizan este sub-bloque xa que o de **Espazos naturais con instrumentos de planificación** non sufriu variacións con respecto ao 2012, data do primeiro informe do PSST.

O indicador **Superficie de espazos naturais protexidos** permite cuantificar, a nivel de concello, a extensión terrestre daquelas áreas que polos seus valores ecolóxicos, naturais, ou ambientais contan con protección, ben sexa segundo a normativa europea, a estatal ou a autonómica.

No tempo transcorrido desde o informe anterior, incorporáronse 113.970,70 hectáreas na categoría Outras Figuras de Rango Internacional (OFRI) ao declararse a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, mentres que, os espazos incluídos nas categorías da Rede Galega de Espazos Protexidos (RGE) e na Rede Natura 2000 (RN2000) non variaron.

A modo de resumo, a finais de 2013 a superficie terrestre protexida mediante as figuras recollidas na RGE era de 358.895 ha, que representan o 12,14% do territorio galego e as contempladas no marco da Rede Natura 2000 eran 354.411 ha, un 11,99%. No caso das OFRI, a declaración das Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo fixo que un 24,63% da superficie de Galicia se inclúa na categoría OFRI. (Ilustración 28).

En total, en Galicia, 728.402,90 ha, o 24,63% do territorio, contan con recoñecemento, un 3,85% máis que en 2012, incorporándose nove concellos costeiros das comarcas paisaxísticas Arco bergantiñán e Golfo ártabro litoral, sendo a provincia con maior superficie de espazos incluídos nalgún tipo de figura de protección a de Lugo mentres que Ourense rexistra a maior porcentaxe de superficie protexida, nas tres categorías (Ilustración 29 a Ilustración 31).




Ilustración 28. Superficie terrestre de espazos naturais protexidos por categoría. 2013

A declaración de novos ámbitos suxeitos a algún tipo de protección ambiental, incide na estratexia das Áreas estratéxicas de conservación, formulada polas DOT e fundamentada na

importancia da identificación, protección e xestión sustentable dos espazos naturais máis vulnerables.




Ilustración 29. Variación dos espazos naturais protexidos. 2012-2013





Ilustración 30. Superficie espazos naturais protexidos en 2013

No ámbito do POL, en decembro de 2013, as superficies correspondentes ás categorías da RGE e RN2000 non variaron e representan un 14% do ámbito litoral. A Reserva da biosfera Mariñas coruñesas e terras do Mandeo supuxo o recoñecemento na categoría OFRI de 14.828,31 ha, que incrementan nun 7% a superficie litoral baixo esta figura. A superficie OFRI, no ámbito litoral, representa arredor dun 12% do territorio costeiro.



Espazos naturais (2013)

- RGE
- RN2000
- OFRI

Ilustración 31. Espazos naturais protexidos, nas tres categorías estudadas en 2013

O indicador de **Ocorrencia de Incendios** trata avaliar a incidencia dos incendios a través de tres medidas: a superficie incendiada, o número de incendios e a densidade dos mesmos. Estas medidas describen a magnitude, distribución e evolución dos incendios así como o custe que supón a extinción dos mesmos e os danos que provocan.

A unidade de xestión territorial, ou ámbito de referencia deste indicador, é o distrito forestal, unha agrupación continua de concellos que polas súas características naturais e socioeconómicas constitúen unha unidade operativa de xestión.

Os incendios ademais de constituír un perigo para a cidadanía, provocan un importante custe en termos económicos e medioambientais, ocasionando unha importante perda de biodiversidade e a acentuación dos procesos de erosión do solo ao deixalo sen a cuberta vexetal, provocando ademais problemas de contaminación nas augas e no aire.

No ano 2013, a superficie total incendiada en Galicia foi de 19.776 ha mentres que en España nese mesmo ano foi de 70.252 ha, é dicir, a superficie incendiada no territorio galego supuxo un 28% da estatal.

A nivel provincial en Ourense rexistráronse 8.236 ha, o que supón o 42 % do total de Galicia. A incidencia territorial no resto das provincias foi moito menor sendo na Coruña de 5.601 ha, en Pontevedra de 4.075 ha e en Lugo de 1.135 ha.

En canto ao número de incendios, en Galicia rexistráronse 3.583, sendo Ourense a provincia con maior incidencia cun 34 % do total.

O número de incendios por km², en Galicia foi de 0,12, sendo Pontevedra, con 0,21 incendios por km² a provincia onde este parámetro foi maior, seguida de Ourense con 0,17.

Dos datos anteriores pode deducirse que o sur de Galicia, debido ás condicións climáticas e posiblemente á moi baixa carga gandeira de especies que empregan recursos forraxeiros locais, como son o vacún, o cabalar, o ovino e o caprino, está a ser a zona máis afectada polos incendios forestais.

A partir do ano 2011, a tendencia crecente da superficie incendiada desde 2001 se inverte, e no bienio 2011–2013 diminúe un 53% mentres que o número de incendios tamén diminúe, un 43,5% no mesmo período (Ilustración 32).

O cómputo do número de incendios por km², no período 2001 a 2013, mostra unha tendencia crecente ata o ano 2011, momento no que inicia unha redución de lumes, que se mantén no 2013.




Ilustración 32. Evolución do indicador 2011 – 2013

3.4. Bloque 4. Patrimonio cultural (PC)

As DOT establecen un modelo territorial cunha estrutura básica que se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos, articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, que se implanta sobre un medio rural que conta cunha biodiversidade e patrimonio cultural que hai que protexer e xestionar.

O patrimonio cultural constitúe un dos maiores atractivos do territorio galego; destaca pola súa abundancia, variedade e dispersión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea, resultando un territorio moi patrimonializado.

Ao igual que a Estratexia Territorial Europea 2020, as DOT e o POL, sinalan a importancia de apoiar a dinamización dos territorios baseada nos seus elementos identitarios, tales como o patrimonio cultural e a paisaxe, vinculando ao futuro do desenvolvemento do medio rural.

Garantir unha adecuada conservación dos elementos que constitúen o patrimonio cultural é un dos obxectivos marcados así como determinar as áreas que, polos seus valores culturais deban ser obxecto de protección.

O sistema de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial conta con dous sub-bloques para examinar o estado e a evolución do patrimonio cultural. O primeiro deles, codificado como **Abundancia e diversidade**, céntrase nos elementos culturais existentes no territorio, mentres que o segundo, denominado **Valorización**, analiza o esforzo realizado para conservar e poñer en valor este patrimonio.

Sub-bloque A. Abundancia e diversidade

Continuando co traballo iniciado, actualizouse o indicador **Número de BIC**, con datos relativos ao ano 2013, incorporando os novos bens de interese cultural declarados, ben sexa unha declaración específica cando se trata dun ben individualizado, ben se trate de unha declaración xenérica cando afecta a un conxunto de bens.

A finais do ano 2013, Galicia contaba con 697 bens de interese cultural, localizados en 207 concellos, que representan o 66% dos concellos galegos. Este patrimonio ten un reparto heteroxéneo no territorio: o 48% dos BIC localízanse na provincia de Pontevedra, o 22% na da Coruña, o 20% en Lugo e o 10% en Ourense ([Ilustración 33](#)).

As novas declaracións afectaron, sobre todo, ao concello de Mondariz (castelo de Sobroso e 40 novos petróglifos), e tamén á Coruña (Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía ou Muncyt), Padrón (convento franciscano de Santo Antonio de Herbón), e Cangas (Facho de Donón).

Por concellos, destaca a elevada presenza de BIC en Mondariz (41), Campo Lameiro (27) e Cotobade (26), onde se concentra unha gran cantidade de petróglifos ([Ilustración 34](#)).




Ilustración 33. Número de BIC por provincia en 2013




Ilustración 34. Número de BIC por concello no ano 2013

O período analizado (2012–2013) apunta unha tendencia crecente, fundamentada na declaración de 44 novos bens de interese cultural, o que supón unha incremento do 6,7% no período dun ano. Esta evolución foi máis notable no caso dos BIC con declaración xenérica, que acadaron un incremento do 10,3% (fronte ao 0,8% dos BIC con declaración específica (Ilustración 35).




Ilustración 35. Evolución do número de BIC

Simultaneamente, incoáronse outros cinco bens de interese cultural, nomeadamente a colección Novacaixagalicia (A Coruña), o Fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco (A Coruña), a fábrica de cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de formas (Cervo), a colección Álvaro Gil de Ourivaría prerrománica (Lugo) e a Colección Novacaixagalicia (Vigo).

Os datos de evolución do indicador confirma a materialización da estratexia de protección e xestión do patrimonio cultural da Comunidade Autónoma.

Sub-bloque B. Valorización

Este sub-bloque incorpora un indicador desde o cal avaliar as accións de protección e conservación dos elementos do patrimonio cultural. O indicador **Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais** estrutúrase en dúas medidas: a primeira mide a intensidade das accións de protección directa a partir das autorizacións autonómicas e licencias urbanísticas, e a segunda mide accións de protección a partir da aprobacións nos conxuntos históricos do preceptivo plan especial de protección.

No ano 2013, o número de actuacións levadas a cabo para conservar ou rehabilitar o patrimonio cultural ascendeu a 6.829. O 83% delas foron autorizadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) e o 17% restante mediante licencias municipais ao amparo de plans especiais de protección de conxuntos históricos.

Entre as actuacións suxeitas a autorización da DXPC, predominan as obras menores (2.390) sobre as obras maiores (1.640). Nos ámbitos de afección do Camiño de Santiago autorizáronse 703, en xacementos arqueolóxicos 484 e en bens da Igrexa católica 391 (Ilustración 36). A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural 83 intervencións directas sobre bens do patrimonio cultural galego.




Ilustración 36. Número e tipo de autorizacións sobre bens do patrimonio cultural no ano 2013

Con respecto aos 34 conxuntos históricos declarados en Galicia, a maior parte deles (56%) teñen aprobado o preceptivo plan especial de protección (Ilustración 37). Destes 15 conxuntos históricos declarados sen plan especial, seis responden a *Cascos antigos*, outros seis a *Espazos urbanos* e tres refírense a *Territorios*, segundo a tipificación que fai a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.




Ilustración 37. Conxuntos históricos con e plans especiais no ano 2013

Os datos analizados, relativos ao incremento do número de BIC declarados, ao número de actuacións para conservación ou rehabilitación dos bens así como ao dos conxuntos históricos con plan especial de protección, sinalan que as directrices marcadas polas DOT, no eido do Patrimonio Cultural, estanse a cumprir, implicando para elo a diferentes administracións, institucións públicas e privadas e mesmo aos particulares.

Unha tarefa que se acomete en distintos eidos, dende a acción directa sobre os bens, mediante obras de conservación ou restauración, ou a partir da aprobación de plans ou figuras de protección destes elementos, como son a declaración de BIC, Plans especiais de protección de conxuntos históricos ou a elaboración dos catálogos de bens do patrimonio cultural.

3.5. Bloque 5. Sociedade e economía (SE)

A cohesión social fai referencia ao grao de unión existente entre os grupos de persoas con culturas, idades, rendas e profesionais distintos que viven nun determinado territorio, e está interrelacionada con outros eixos da sustentabilidade territorial. De feito, o concepto de sustentabilidade supera o ámbito estritamente ambiental para incorporar tamén o socioeconómico.

Nos ámbitos máis urbanos o incremento da cohesión social está intimamente relacionado cos conceptos de diversidade e mestura de actividades que proporciona o modelo de cidade compacta e complexa. A proximidade (ou compacidade) favorece o contacto entre os grupos de persoas, pero a presenza de grupos diversos nun mesmo espazo tamén require de certo grao de mixticidade (mestura e interacción entre os grupos). A análise de diversas realidades urbanas permite afirmar que a segregación social que se produce en determinados lugares das cidades vai a miúdo da man da separación de usos e funcións propia da dispersión urbana.

Non obstante, a diversidade e a mestura de actividades non son condicións suficientes para conseguir a cohesión. Hai que engadir a importancia do escenario socioeconómico, da política fiscal e laboral, do enfoque e desenvolvemento de políticas sociais e culturais e, especialmente en cidades, tamén da solución formal adoptada no espazo público ou do nivel de complexidade de funcións do tecido urbano, polo que o urbanismo tamén ten moito que aportar.

Por outro lado, a complexidade nun lugar determinado implica a presenza de distintos elementos portadores de información (actividades, asociacións, institucións) que establecen relacións múltiples e variadas entre eles. Nos sistemas urbanos esta calidade tradúcese en contacto e intercambio, ao igual que sucede nos sistemas naturais.

Nos ámbitos rurais hai que considerar que a cohesión social e a calidade de vida deben supoñer a busca dunhas condicións de entorno diferentes ás que se aspira alcanzar nos ámbitos máis urbanos, polas características propias e claramente diferentes do territorio que as soporta. É polo que a ordenación territorial establecida pretende fomentar a identificación e o aproveitamento destas especificidades, vantaxes e inconvenientes dos distintos territorios e propón romper coa tradicional dicotomía rural-urbano.

O medio rural concíbese no modelo territorial establecido, como a matriz que da soporte a todo o territorio e, polo tanto, sobre a que

se sustenta o sistema urbano de Galicia. Así, xunto ás tradicionais funcións de produción e soporte de actividades, é fundamental recoñecer e defender a súa función de salvagarda de bens públicos baseados nos seus valores sociais, culturais, patrimoniais, ambientais, paisaxísticos etc, aínda que por agora non teñan un valor de mercado directo.

A cohesión social e a calidade de vida no medio rural pasan polo recoñecemento e valoración destas especificidades e a súa gradación nas relacións rural-urbano, que free as tensións que terminan desembocando no despoboamento dos territorios.

Iso supón garantir, entre outras posibilidades: un nivel de equipamentos e servizos acorde ás características, un nivel de renda apropiado para os traballadores ou a posibilidade de compatibilizar as actividades primarias con outras e, en todo caso, coa función residencial, pero sobre todo, coa concienciación e comprensión de cáles son os valores que fan, dese espazo, un espazo cohesionado.

Os indicadores que constitúen este bloque, pódense sintetizar nestes dous obxectivos globais: o aumento da cohesión social e a diversidade de usos e funcións no territorio.

Polo tanto, o bloque integra tanto aspectos sociais e demográficos como outros relacionados directamente coa actividade económica: sectores económicos predominantes ou estratéxicos, emprego e renda, diversidade de actividades, autosuficiencia, innovación así como os relacionados coa gobernanza e a participación cidadá.

Os indicadores deste bloque, estrutúranse nos seguintes sub-bloques: **A. Espectro social**, **B. Poder adquisitivo**, **D. Complexidade**, **E. Emprego e formación**, **F. Autosuficiencia**, **G. Innovación**, **H. Agricultura e gandería**, **I. Pesca e acuicultura**, **J. Aproveitamento forestal** e **L. Turismo**.

A táboa 6, recolle os indicadores estudados este ano, a meirande parte dos cales foron calculados tanto para a totalidade da Comunidade Autónoma como para o ámbito do POL.

Táboa 8. Indicadores do bloque de Sociedade e economía


Sub-bloque	Indicador	Ámbito
Espectro social	Variación da poboación (nº de habitantes)	DOT/POL
	Densidade de poboación	DOT/POL
	Poboación en áreas pouco poboadas	DOT/POL
	Crecemento vexetativo	DOT/POL
Poder adquisitivo	PIB e VEB	DOT/POL
Complexidade	Diversidade de actividades económicas	DOT/POL
	Actividade comercial	DOT/POL
Emprego e formación	Poboación ocupada por ramas de actividade	DOT/POL
Autosuficiencia	Autocontención laboral	DOT/POL
	Autosuficiencia en emprego	DOT/POL
Innovación	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais	DOT/POL
	Protección das invencións	DOT
	Número de certificacións en vigor con EMAS	DOT
	Instalacións con autorización ambiental integrada	DOT
Agricultura e gandería	Agricultura ecolóxica	DOT
	Especialización gandeira	DOT
	Carga gandeira	DOT/POL
	Especialización agrícola	DOT
	Explotacións agrarias	DOT
Pesca e acuicultura	Especialización acuícola	DOT
	Capacidade pesqueira	DOT
	Ocupación na pesca e na acuicultura	DOT
Aproveitamento forestal	Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal	DOT
Turismo	Intensidade turística	DOT/POL
	Estacionalidade turística	DOT/POL

Sub-bloque A. Espectro Social

No sub-bloque Espectro Social abórdanse diversos aspectos demográficos, algúns actualizando indicadores do primeiro informe, **Variación da poboación** ou **Densidade de poboación**, e outros introducindo novos indicadores neste segundo informe: **Poboación de áreas pouco poboadas** e **Crecemento vexetativo**.

A **Variación da poboación** entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 1 de xaneiro de 2013 foi de 14.846 habitantes máis, o que supuxo un incremento relativo do 0,5%, inferior ao aumento experimentado no período analizado no informe anterior (2001 – 2011) que foi do 2,3%, polo que se aprecia unha desaceleración do crecemento.

Estas cifras globais esconden un cambio de tendencia (paso do crecemento ao decrecemento), constituíndo o ano 2011 o seu máximo. Os resultados da variación en 5 anos (-0,7%) e da variación nun ano (-0,6%), que miden períodos máis curtos, indican que se está consolidando o decrecemento poboacional e que esta será a tendencia que cabe esperar no futuro próximo, de non existir aportes externos, xa que Galicia presenta unha estrutura demográfica envellecida e un saldo vexetativo negativo (ilustración 38)



Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2003-2013)

■ -40 - -15 ■ -14 - -7 ■ -6 - 0 ■ 1 - 7 ■ 8 - 35 ■ 36 - 48

Ilustración 38. Variación relativa da poboación no decenio 2003-2013

A nivel autonómico, persisten os desequilibrios territoriais, que se manifestan en notables diferenzas entre os valores municipais máximos e mínimos en calquera dos períodos estudados: 88,1 puntos entre 2003-2013; 50,2 entre 2008-2013 e 14,8 entre 2012-2013 (Ilustración 39).




Ilustración 39. Valores municipais mínimo e máximo por provincia da porcentaxe de variación da poboación en dez anos (2003 - 2013)

A poboación litoral⁽¹⁾ continúa crescendo a un ritmo maior que a media galega (3,1% fronte ao 0,5%), sen embargo, no panorama das rexións e áreas urbanas hai novidades: mentres que Lugo, Pontevedra e Santiago de Compostela seguen medrando e continúa a sangría demográfica de Ferrol, están empezando a perder poboación as cidades de Ourense e Vigo. O crecemento poboacional está cada vez máis focalizado nas periferias urbanas.

Buscando a correlación destes datos co sistema de asentamentos xerarquizado que propoñen as DOT, obsérvase un crecemento superior á media en 17 concellos do Sistema Urbano intermedio (SUI) (Burela, O Carballiño, Vilagarcía de Arousa, Ribadeo, Carballo, Verín, Cee, Boiro, Xinzo de Limia, Ribeira, Viveiro, Foz, O Barco de Valdeorras, Tui, A Guarda, Sarria e Noia), o que

representa máis do 50% dos núcleos deste sistema. Porén, tan só 4 dos 26 nodos para o equilibrio do territorio (Allariz, Negreira, Ordes e Caldas de Reis) superan a media.

En xeral, o resto do territorio está en proceso de despoboación, o cal ameaza a supervivencia dos asentamentos rurais e do sector primario, conformadores da paisaxe rural galega.

Estes datos indican a necesidade de reforzar as estratexias de consolidación e potenciación dalgúns dos núcleos que conforman o SUI, coa fin de que poidan desempeñar satisfactoriamente as funcións de cabeceiras e subcabeceiras comarcais, e sobre todo de adoptar medidas para fortalecer os Nodos para o Equilibrio do Territorio (NET).

A distribución da poboación sobre o territorio avalíase a través do indicador **Densidade de poboación**.


Dado que Galicia perdeu poboación entre 2012 e 2013, os resultados deste indicador reproducen a tendencia da variación da poboación pero aínda de forma pouco evidente. Mentres que a densidade de poboación en Galicia é similar á española, a densidade de poboamento é moi superior.

Ao mesmo tempo, os valores de densidade de poboación no ámbito litoral, superan os valores medios de Galicia, España e a Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

As Ilustración 40 e Ilustración 41 evidencian unha asimetría entre o terzo occidental de Galicia, densamente poboado, e o resto do territorio galego, con densidades moi inferiores. A nivel municipal, é salientable a brecha existente entre o valor máximo, acadado na Coruña (6.381,5 hab/km²) e o do resto dos concellos. Só superan os 1.000 hab/km² outros 3 municipios: Vigo (2.707,8 hab/km²), Ourense (1.272,6 hab/km²) e Burela (1.265,1 hab/km²), polo que os catro primeiros postos na clasificación galega teñen unha representación en cada provincia. Estes catro concellos concentran o 24% da poboación galega nun territorio que só supón o 0,81% da superficie total de Galicia.

⁽¹⁾ Poboación residente no ámbito do Plan de ordenación do litoral

O 100% das grandes cidades e o 71% dos concellos do SIU superan a densidade media galega




Habitantes por km² (2013)

3 - 100 101 - 200 201 - 1000 1001 - 3000 3001 - 6500

Ilustración 40. Densidade de poboación (ano 2013)

No entanto, só o 12% dos NET encóntranse na mesma situación.



Densidade de poboación en ZPP superbaixa (2013)

0 - 10 11 - 25 26 - 50 51 - 75 76 - 101

Ilustración 41. Densidade de poboación na ZPP superbaixa (ano 2013)


Obsérvase unha correlación entre o grao de urbanización do territorio e a súa evolución demográfica. Esta apreciación levou a engadir unha nova medida que cuantifique a densidade de poboación no rural, baseada na categorización das parroquias segundo o grado de urbanización, en tres niveis. Na categoría inferior, correspondente a un grao de urbanización baixo (ZPP), estúdase o subgrao “superbaixo” que se pode asimilar ao territorio rural.

Dos resultados da medida denominada *Densidade de poboación na ZPP superbaixa* despréndese que a densidade media da comunidade galega (93,5%) case cuadriplica á do medio rural (23,8 hab/km²).

De modo máis pormenorizado, comprobouse que a densidade media nas ZPP superbaixa dos concellos onde se localizan as sete grandes cidades galegas ascende a 35,9 hab/km², nos municipios con cabeceiras e subcabeceiras do SIU é de 27,6 hab/km², pero nos concellos con NET descende por debaixo da medida, situándose nos 21,4 hab/km².

Non obstante o indicador **Poboación en áreas pouco poboadas** pon de manifesto que unha porcentaxe de poboación considerable reside nestas zonas de tan débil densidade. O 22,3% da poboación galega residía na *Zona Pouco Poboada superbaixa* é dicir, na subzona con menor grao de urbanización, que ocupa máis do 87% do territorio ([Ilustración 42](#)). Por outra banda, o estudo do nivel de asentamentos constituído polos NET, evidencia que nestes concellos, máis da metade da poboación vive fora destas vilas, é dicir, son habitantes do rural.

Isto confirma a necesidade anteriormente mencionada, de potenciar este terceiro nivel de asentamentos proposto nas DOT, tanto polos baixos valores que presentan os NET para as variables demográficas como pola súa importancia para a aínda considerable poboación rural. Trátase de dotar a estas vilas dunha adecuada base urbana e de servizos que sexan a referencia funcional para os núcleos rurais como célula básica do sistema de asentamentos.



Porcentaxe de poboación en ZPP superbaixa (2013)

0 - 25 26 - 50 51 - 75 76 - 100

Ilustración 42. Porcentaxe de poboación en ZPP superbaixa (ano 2013)

En todo caso, trátase de cifras que deben considerarse á hora de planificar e xestionar servizos, equipamentos, dotacións e novas modalidades de transporte colectivo para asegurar a sustentabilidade do medio rural. De acordo coas DOT, impulsar os núcleos principais de cada parroquia para mellorar a calidade de vida e asegurar a súa supervivencia.

Distinta situación se observa no ámbito litoral; os valores no ámbito de xestión do POL indican que só o 4,7% da poboación do litoral vive en ZPP superbaixa (22,3% en Galicia). Con todo, esta xeneralización oculta situacións excepciónais, localizadas nalgúns municipios da costa lucense e da Costa da Morte, que aínda teñen gran parte da súa poboación que reside en parroquias clasificadas como ZPP superbaixa (Ilustración 43).




Ilustración 43. Valores municipais do indicador Poboación en áreas pouco poboadas do ámbito de xestión do POL (ano 2013)


Por último, o indicador **Crecemento vexetativo** reflicte o problema demográfico que hoxe ten Galicia: en 2013 naceron 19.727 nenos moi lonxe das 30.433 defuncións rexistradas. En termos relativos, estas cifras tradúcense nunha baixa taxa de natalidade (7,2‰) e unha alta taxa de mortalidade (11,0‰) e consecuentemente nun saldo vexetativo negativo (-3,9‰). Incluso no litoral, onde os resultados dos indicadores demográficos soen ser máis favorables, o saldo ten o mesmo signo (-2,0‰).

Este decrecemento natural explícase pola estrutura envellecida que caracteriza á poboación galega. O avellentamento pola base está relacionado coa baixa fertilidade, pola cúspide está ligado á melloría das condicións de vida (económicas, sanitarias...) pero tamén é a secuela que deixaron as migracións. A saída de mozos e adultos cara ao exterior contribuíu a avellentar a estrutura galega e as migracións internas, a desequilibrar o territorio.

A nivel provincial, obsérvanse diferenzas no reparto territorial. Ourense e Lugo son as provincias que máis decreceron (-8,6‰ e -8,1‰) e Pontevedra a que presenta unha mellor situación (-1,2‰). Por concellos, as diferenzas son máis acusadas, xa que distan 38 puntos entre os valores extremos (6,0‰ e -32,1‰). A este nivel hai que pór de relevo a existencia de 17 concellos con crecemento natural positivo (Ilustración 44). Estas excepcións localízanse nas periferias urbanas e algún caso illado na costa (Corcubión e Burela).

Atendendo ao sistema de asentamentos establecido nas DOT, os resultados manifestan que as sete grandes cidades e os NET acadaron un saldo vexetativo similar (-1,3‰) mentres que os concellos do SUI chegaron ao -4,1‰, diferenciándose do valor medio de Galicia (-3,9‰).

A segunda medida deste indicador insiste neste aspecto, calculando os valores que toman as taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo en cada subzona, clasificada segundo o seu grao de urbanización.



Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo en ‰ por concellos (2013)

Taxa de natalidade	Taxa mortalidade
0,0 - 7,2	4,1 - 11,0
7,3 - 11,4	11,1 - 33,7

Taxa de natalidade Comparación coa media

Taxa mortalidade Comparación coa media

Ilustración 44. Crecemento vexetativo no ano 2013

Os cálculos realizados permiten concluir que existe unha correlación directa entre o subgrao de urbanización e a taxa de natalidade, que adquire o seu valor máximo na ZDP ou Zona densamente poboada (8,3‰). Porén, a situación é máis complexa cando se trata das outras taxas (Ilustración 45). Así, o crecemento vexetativo menos desfavorable (-0,8‰) e a mortalidade máis baixa (8,8‰) rexístranse na ZIP (zona intermedia) alta.




Ilustración 45. Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo por subzonas segundo o grao de urbanización (ano 2013)

Sub-bloque B. Poder Adquisitivo

Incorpórase a este sub-bloque o indicador **Produto interior bruto e Valor engadido bruto** que permite cuantificar de xeito sintético a actividade produtiva na nosa comunidade autónoma.

A actividade desenvolvida en Galicia, durante o ano 2012, xerou un PIB de 54.232.9 millóns de euros, que se reduciu a 49.170.0 millóns de euros de VEB, ao restarlle os impostos netos sobre os produtos.

O 58% do PIB galego foi xerado nos concellos que forman parte do ámbito de xestión do POL. As comarcas que máis contribuíron a crear valor engadido localízanse nas comarcas urbanas, que xuntas concentran o 64% do VEB galego; entre elas destacan A Coruña e Vigo, ambas na costa. Polo contrario, as comarcas menos produtivas sitúanse no sur e leste de Galicia (**Ilustración 46**).




Ilustración 46. Valores comarcais máximos do VEB para 12 ramas de actividade no ano 2012

Os servizos, a construción e a rama que agrupa a enerxía, o subministro de auga e a xestión de residuos son as actividades que máis valor engadido xeran.

As estatísticas tamén revelan que o PIB por habitante acada os 19.599 euros en Galicia e que esta cifra ascende aos 20.058 euros no litoral. Con todo, é inferior ao español⁽¹⁾ (22.600 €) e ao da Unión Europea⁽²⁾ (26.500€).

Cabe salientar os valores máximos de PIB por habitante en Muras e Carballeda de Valdeorras (con 103.890 e 100.717 €, respectivamente) ao tratarse de dous concellos nos que se xera un valor engadido moi elevado pola explotación dun recurso natural, enerxía hidráulica ou eólica fundamentalmente.

Sub-bloque D. Complexidade


Incorpórase este sub-bloque ao Plan de seguimento para estudar a cantidade e diversidade da actividade empresarial. Para iso, calculáronse dous indicadores: **Diversidade de actividades económicas** e **Actividade comercial**.

O indicador **Diversidade de actividades económicas** é calculado a partir do índice de Shannon sobre o número de establecementos empresariais, agregados en 11 ramas de actividade, e indica que a mestura de actividades no ano 2013 é de 2,240. Por ámbitos territoriais, o ámbito litoral (2,100), as sete grandes cidades galegas (2,100) e os municipios do sistema urbano intermedio (2,198) mostran índices lixeiramente inferiores á media, o contrario do que ocorre cos municipios que contan con núcleos para o equilibrio do territorio (2,256) que presentan un índice máis elevado. Con todo, as diferenzas son pouco significativas (**Ilustración 47**).

Co segundo parámetro de medida calculouse o número de establecementos empresariais por cada 1.000 habitantes, que ascende a 83,9 en Galicia e a 83,7 no litoral (**Ilustración 48**).

As maiores concentracións empresariais en termos relativos localízanse nas periferias urbanas (San Cibrao das Viñas, Bergondo, O Porriño), en vilas de pequeno e mediano tamaño (Meira, Melide, Lourenzá ou Sarria) e en espazos que comparten ambas as dúas características (Rábade). As sete grandes cidades, as cabeceiras e subcabeceiras do SUI e os NET superan a media autonómica, con 101,2, 87,0 e 91,0 establecementos/1.000 hab. respectivamente. Pola contra, as densidades no rural son inferiores, especialmente no sur da provincia de Ourense, onde se detecta o valor mínimo (Porqueira con 19,8 establecementos por cada 1.000 habitantes).

(1)(2) Valores EUROSTAT: Gross domestic product at market prices



Índice de diversidade de Shannon (2013)

1,2 - 1,8 1,9 - 2,1 2,2 - 2,3 2,4 - 2,6 2,7

Ilustración 47. Diversidade de actividades económicas (ano 2013)


A **Actividade comercial** calcúlase poñendo o énfase na oferta comercial relativa, é dicir, tendo en conta tanto o número de establecementos comerciais como os demandantes potenciais de bens ou servizos.

No ano 2012, Galicia contaba con 68.348 comercios en activo, do que se obtén que existían 24,6 establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes (Ilustración 47).

Os valores provinciais son bastante parecidos e o mesmo ocorre cando se compara o ámbito de xestión do POL co conxunto de Galicia; porén as diferenzas fanse máis patentes cando se analiza a situación a escala municipal. Así, o municipio con maior número de establecementos por 1.000 habitantes é San Cibrao das Viñas (60,5), nas inmediacións de Ourense capital, cunha clara especialización no comercio por xunto. Este dato contrasta coa realidade doutros concellos, sobre todo da provincia de Ourense (Porqueira, Parada de Sil, Os Blancos, Lobeira, etc.), onde o equipamento comercial é insignificante, pouco diversificado e vai dirixido ao consumidor final.

Obsérvanse certas coincidencias entre a cantidade de actividades económicas e a actividade comercial, cuantificadas ambas en termos relativos (establecementos por cada 1.000 habitantes), particularmente para os valores máis altos, que indican maior concentración de establecementos (Ilustracións 46 e Ilustración 49). A modo de exemplo, San Cibrao das Viñas, Rábade e Bergondo comparten valores moi elevados nas ditas medidas, mentres que Porqueira está á cola de ambas as dúas clasificacións.


Por tipoloxías, as estatísticas reflicten que o 63,4% dos establecementos realizaba as súas vendas polo miúdo, o 21,2% por xunto, o 5,6% eran intermediarios e un 4,0% tiña relación directa co mundo do motor, onde case sempre se mesturan o comercio, o mantemento e a reparación, sendo moi difícil discernir entre a actividade comercial e a industrial.



Nº de establecementos empresariais por cada 1.000 habitantes (2013)

20 - 50 51 - 65 66 - 85 86 - 115 116 - 172

Ilustración 48. Distribución territorial da actividade empresarial no 2013



Número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes (2012)

1 - 10 11 - 15 16 - 20 21 - 30 31 - 60

Ilustración 49. Distribución territorial da actividade comercial no 2012

Sub-bloque E. Emprego e formación

Incorpórase ao PSST este epígrafe relativo a Emprego e formación, para achegarse ao grao de especialización dos territorios a partir da especialización sectorial dos ocupados segundo a residencia dos afiliados.

Abórdase desde o indicador **Poboación ocupada por ramas de actividade** que estuda o peso das distintas ramas de actividade nas afiliacións á Seguridade Social en cada concello.

No ano 2013, a rama de actividade, entre as 13, con máis peso foi a do comercio, transporte e hostalería, cun total de 276.246 afiliacións á Seguridade Social. Existe un predominio desta rama de actividade nun 69,1% dos concellos galegos.

Pola contra, a rama de actividade con menos afiliacións foi a de enerxía, subministro de auga e xestión de residuos, cun peso do 0,9% da totalidade de afiliacións á Seguridade Social.

Se o número de afiliacións á Seguridade Social concéntranse nas provincias da Coruña e Pontevedra, a nivel municipal e por rama de actividade, o peso da agricultura e gandería no concello de Pol é moi elevada, 48,6%. A Illa de Arousa en pesca e acuicultura e Carballeda de Valdeorras (48,1%) na rama de industrias extractivas e fabricación de produtos minerais non metálicos, con porcentaxes entorno ao 50% da poboación ocupada (Ilustración 50 e Ilustración 51).




Ilustración 50. Valores máximos de ocupación por rama de actividade en 2013




Ilustración 51. Valores provinciais porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade no ano 2013

A análise realizada, comparando os resultados deste indicador (ano 2013) e do VEB (ano 2012), indica que as tres ramas que proporcionan maior valor engadido (66%) e ocupación (71%) son as do sector terciario, seguidas da construción. O sector primario ocupa lugares similares en ambas as dúas clasificacións (5º por poboación ocupada e 6º por VEB), mentres que as ramas industriais son as que teñen menos peso relativo. Neste aspecto cabe salientar a descompensación existente na rama da Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos, entre o notable valor engadido que xera (5%) e os recursos humanos que emprega (0,9%).

Sub-bloque F. Autosuficiencia


O sub-bloque Autosuficiencia caracteriza o territorio a partir da súa capacidade para xerar emprego suficiente en relación á poboación residente ocupada.

O indicador **Autocontención laboral** aproxímase ao grao de fixación da poboación activa dun concello e á mobilidade xerada por motivos laborais mentres que **Autosuficiencia en emprego** permite obter unha visión (xeral e por ocupacións) sobre a capacidade dun territorio de xerar a actividade necesaria para fixar laboralmente a súa poboación.

A actualización (2013) do indicador **Autocontención laboral** indica que, en ningunha das dúas medidas, chega ao 50% dos traballadores. A primeira medida amosa que, un 45% dos traballadores tiña o seu traballo no mesmo concello no que residían, pero a taxa de permanencia mostra que as persoas que formalizaron un contrato de traballo mantendo a súa actividade no concello supuxeron tan só o 29,6%, é dicir, máis do 70% dos novos contratos de traballo formalizados en 2013 tiveron lugar nun concello distinto ao de residencia do traballador ([Ilustración 52](#)).

Obsérvanse importantes diferenzas entre concellos e que, en xeral, as grandes cidades teñen máis capacidade para fixar á súa poboación ocupada, mentres que nos concellos rurais, os traballadores teñen que mobilizarse máis, cara a outros concellos cabeceiras, subcabeceiras e grandes cidades, para acudir ao seu posto de traballo. O 97,6% dos concellos rurais están por debaixo do valor rexistrado para Galicia.

Respecto ao primeiro informe, a Autocontención laboral rexistrou unha redución do 1,6% en relación ao ano 2011, no que se refire ao número de traballadores que residían e traballaban no mesmo concello (46,6%), mentres que a taxa de permanencia mantívose no 29,6%.



Autosuficiencia en emprego

38% - 80% 81% - 150% 151% - 300% 301% - 560%

Ilustración 52. Porcentaxe de traballadores que traballan e residen no mesmo concello en 2013.

A análise do indicador de **Autosuficiencia en emprego** ten en conta a situación de todos os traballadores en situación de alta laboral o día 30/12/2013, e relaciona as demandas e as ofertas nun ano por concello e por tipo de ocupación, segundo as nove ocupacións principais establecidas pola Clasificación Nacional de Ocupacións.

Os resultados mostran grandes diferenzas entre os territorios e os tipos de ocupación. Un 25% dos concellos amosan unha autosuficiencia inferior ao 61,4%, mentres que outro 25% acadan un valor superior ao 84,7%, rango no que se atopan as grandes cidades, destacando Santiago de Compostela (162,2%) e a metade dos concellos cabeceira do SUI. Porén, só a cuarta parte dos concellos NET superan este valor ([Ilustración 53](#)).

Nos concellos rurais, o rango de variación é máis amplo xa que recolle contextos económicos moi dispares, que van desde concellos cun tecido produtivo vinculado ao sector primario a concellos nos que se sitúan áreas empresariais cunha forte oferta laboral en termos relativos. Isto ponse de manifesto en que os dez valores máis altos acádanos concellos como San Cibrao das Viñas (357,6%) ou Carballada de Valdeorras (321,9%). O 18% destes concellos teñen capacidade para fixar a súa poboación laboral fronte ao 82% que se ven obrigados á desprazar aos seus traballadores, mentres que, para o global de Galicia, a porcentaxe dos concellos con esta capacidade é do 13,7%.

Se relacionamos as demandas e as ofertas para cada unha das nove ocupacións principais da Clasificación Nacional de Ocupacións, obsérvase que a Mariña Occidental manifesta unha gran capacidade para absorber demandantes no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, particularmente en Cervo, onde a autosuficiencia é do 184%, o que denota a necesidade de absorber traballadores doutros concellos neste sector.

Os valores máximo e mínimo corresponden aos traballadores do sector primario nas comarcas da Mariña occidental (9,40) e na comarca Terra de Celanova (0,15), excluindo o valor cero que corresponde ao sector definido na rama para *directores e xerentes*.




Ilustración 53. Ratio de cobertura das demandas 2013

Sub-bloque G. Innovación

O sub-bloque de Innovación incorpora tres novos indicadores que amplían os enfoques sobre a repercusión da innovación tecnolóxica nas variables socioeconómicas e ambientais.

Ao indicador desenvolvido no anterior informe do Plan de seguimento, ***Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais***, engádense dous indicadores vinculados aos procedementos tecnolóxicos preventivos e mitigadores de efectos adversos sobre o medio ambiente, aplicado aos procesos produtivos (***Certificacións en vigor con sistema de xestión ambiental*** e ***Instalacións con autorización ambiental integrada***), así como un terceiro indicador relativo á incidencia do rexistro de patentes en Galicia (***Protección das invencións***).

A actualización do indicador ***Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais***, que cuantifica a poboación e os núcleos con acceso á tecnoloxía de banda larga, analiza o fomento do acceso ás redes de información e comunicación, que as DOT refiren como un factor de desenvolvemento socioeconómico e de fixación de poboación nos territorios.

No período 2012-2013 incrementouse en case dez puntos porcentuais a poboación con acceso a cobertura de banda larga, ata chegar ao 97% da poboación. Asemade, aumentou en case vinte puntos a porcentaxe de núcleos no que máis do 80% da poboación ten acceso á banda larga, pasando do 71,79% ao 90,4% ([Ilustración 55e Ilustración 56](#)).

A nivel provincial ([Ilustración 54](#)), Pontevedra é a provincia que acadou valores máis altos de cobertura da poboación (98%) e de núcleos (95,2%), mantendo Lugo o posto inferior da táboa cunhas porcentaxes de cobertura de poboación e de núcleos de 95 % e 85 % respectivamente, aínda que é a provincia que rexistrou o maior incremento, tanto en poboación (+16,7 %) como en núcleos cubertos (25%).





Ilustración 54. Cobertura banda larga ano 2013



Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga no 2011


3 - 35%
35 - 65%
65 - 85%
85 - 100%



Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga a nivel provincial nos anos 2010 e 2011


Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga en Galicia no 2010 e 2011 = 52,5% e 71,8 %

Ilustración 55. Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga en 2011



Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga no 2013

3 - 35%
35 - 65%
65 - 85%
85 - 100%



Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga a nivel provincial nos anos 2012 e 2013

Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga en Galicia no 2012 e 2013 = 85,2% e 90,4 %

Ilustración 56. Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga en 2013

A capacidade de innovación industrial abórdase cun indicador de contexto que se aproxime ao grao de cumprimento dos obxectivos que a estratexia en I+D+I que o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) formaliza como eixo prioritario para o período 2015 – 2020. Con esa finalidade, deseñouse un novo indicador denominado **Protección das invencións**, que aporta información sobre o número de solicitudes de títulos de propiedade industrial.

Os títulos de propiedade industrial teñen unha dobre finalidade: protexer os dereitos dos titulares das invencións industriais para monopolizar o seu dereito de explotación en exclusiva (fabricación, venta e utilización) durante un tempo limitado e, en contrapartida, difundir as invencións para que contribúan ao progreso da sociedade.

Segundo a información dispoñible, durante o ano 2013 presentáronse 286 solicitudes de títulos de propiedade industrial, na Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) por parte de residentes en Galicia, sendo os particulares e as empresas os que máis solicitudes presentaron (**Ilustración 57**). En termos relativos, os resultados da “*actividade inventiva*” supoñen 103 solicitudes por cada millón de habitantes, ratio inferior á española (**Ilustración 58**).




Ilustración 57. Solicitudes segundo título de propiedade industrial e natureza do solicitante (ano 2013)




Ilustración 58. Ratio de solicitudes por millón de habitantes (ano 2012)

Apréciase unha concentración das solicitudes nas áreas urbanas das provincias de A Coruña e Pontevedra. En concreto, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo foron –con gran diferenza- os concellos que presentaron máis solicitudes, o cal garda relación directa coa maior presenza das universidades e co número de habitantes e de empresas.

De xeito máis pormenorizado, a desagregación dos datos por tipos de patentes revela que o 59% das solicitudes publicadas no ano 2012 reivindicaban unha patente de invención, mentres que o 41% pretendía obter un certificado de protección de modelo de utilidade, que son innovacións de menor rango inventivo. No primeiro caso, sobresaen as invencións relacionadas co sector técnico da enxeñería mecánica e no segundo son máis diversas (**Ilustración 59**).




Ilustración 59. Solicitudes segundo título de propiedade industrial e sector técnico no ano 2012

A Memoria ambiental das DOT estableceu dous indicadores relativos á innovación tecnolóxica vinculada á xestión ambiental dos procesos produtivos: **Número de certificacións en vigor con sistema de xestión ambiental** e as **Instalacións con autorización ambiental integrada**.

A análise do indicador **Número de certificacións en vigor con sistema de xestión ambiental** lévase a cabo a través dunha única medida denominada **Número de certificacións EMAS por rama de actividade**, mediante a que se pretende cuantificar o interese das organizacións públicas e privadas en fomentar a produción de bens e servizos de xeito responsable, desde o punto de vista medioambiental, ao tempo que axuda a coñecer o grao de integración da compoñente ambiental nos sistemas de produción.

A medida definida permite coñecer anualmente o número de certificacións EMAS (*Eco-Management and Audit Scheme*) en cada concello e por rama de actividade económica, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE).

No 2013 contabilizáronse 360 certificacións EMAS en vigor. As trece ramas de actividade económica consideradas contaban con centros de traballo con certificados EMAS, aínda que o 62% das certificacións respondían a tres delas. En concreto, foron maioritarios os certificados relacionados con centros de traballo dedicados a actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais (88), seguidos dos propios das Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos (74) e os dedicados a Comercio, transporte e hostalaría (62) (**Ilustración 60**).

Por provincias, máis da metade das certificacións EMAS (52%) corresponderon á da Coruña, con 186, seguida pola provincia de Pontevedra, con 121, a de Lugo con 77 e, finalmente, Ourense con 16.

Unha análise municipal revela que o 32% dos concellos galegos contaba con algunha organización con certificado EMAS e que tres concellos acumulaban o 38% dos certificados EMAS; os concellos de A Coruña con 55, Vigo con 46 e Santiago de Compostela con 38.




Ilustración 60. Número de certificacións EMAS en Galicia segundo rama de actividade (2013)

A análise das certificacións en función da rama de actividade económica mostra resultados diversos segundo o ámbito territorial que se analice; a nivel galego é a rama das actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais a máis numerosas, con 88 certificacións mentres que a nivel provincial, esta superioridade dáse unicamente na Coruña; Lugo lidera as certificacións na rama do Comercio, transporte e hostalaría, e as provincias de Pontevedra e Ourense fano na rama das Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos.

Por outra banda, pode afirmarse que existe unha correlación entre os resultados deste indicador e os de **Diversidade de actividades económicas** e **Poboación ocupada por ramas de actividade**, dado que as ramas con maior número de certificacións en vigor son tamén as que contan cun elevado número de establecementos empresariais.

O carácter voluntario das certificacións EMAS fai oportuno facer o seguimento das autorizacións que con carácter obrigatorio deben obter as instalacións industriais relativas a ramas cun alto potencial contaminante. As **Instalacións con autorización ambiental integrada (AAI)**, analiza o número destas autorizacións en relación co tipo de actividade que realizan, aproximándose ao nivel de protección do medio ambiente esixido desde a Administración á actividade económica.

Este indicador deriva do principio de prevención que a Unión Europea ven de aplicar ás instalacións industriais máis contaminantes, principio recollido na Directiva 96/61/CE relativa á prevención e control integrado da contaminación, e permite analizar o seguimento e control que desde a administración se leva a cabo das emisións procedentes das actividades industriais tanto á atmosfera, como á a auga e ao solo.

No ano 2013, contabilízanse 240 instalacións con AAI vixente, das cales 136 o 57% delas pertencen ao sector das industrias agroalimentarias e explotacións gandeiras, maioritariamente son instalación dedicadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos (90) ou industrias agroalimentarias (46). O segundo grupo de actividade é da industria de produción e transformación de metais con 14% das AAI (Ilustración 61).




Ilustración 61. Número de instalacións con AAI por categoría de actividade (2013)

Sub-bloque H. Agricultura e gandería

Os subsectores produtivos como a agricultura, a gandería, a pesca e o sector forestal son estratéxicos para o desenvolvemento socioeconómico do espazo rural, que representa o 90% do territorio de Galicia ao tempo que resulta estratéxico para garantir unhas óptimas condicións medioambientais.

O sector primario está directamente relacionado coa fixación da poboación no espazo rural periférico e intermedio, a mellora da calidade de vida dos residentes, a conservación en axeitadas condicións dos sistemas naturais e a conectividade ecolóxica.

Na actualidade este sector económico ten adquirido unha maior proxección comercial sendo o autoconsumo unha orientación case residual. Sen embargo e debido os cambios estruturais e tecnolóxicos que levan acontecendo no entorno das economías occidentais, as DOT en Galicia enfócanse cara mellora das rendas dos agricultores para favorecer a fixación de poboación no medio rural, propoñendo aos agricultores como xestores dun territorio na UE 28 cada vez menos habitado

Segundo o Censo Agrario e a Enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA), o **Número total de explotacións** en Galicia segue unha tendencia decrecente desde o ano 1999 ata o 2013 arrastrando consigo o **número de UTA** (unidade de traballo – ano), e dicir o emprego no medio rural. Observando esta serie histórica o número de explotacións reduciuse entorno o 70% e o número de UTA o 33%. A vista destes resultados, dedúcese que non se está a producir unha incorporación da man de obra das

explotacións que pechan cara as que manteñen a actividade polo que o proceso de despoboación no medio rural en Galicia vai en aumento (Ilustración 62).




Ilustración 62. Número de explotación e de unidades de traballo e ano (UTA)

A nivel provincial, segundo o último censo agrario de 2009, o maior nivel de emprego neste sector sitúase nas provincias de Lugo e A Coruña, cun 34%, seguidas de Pontevedra cun 18% e Ourense soamente co 14%. Porén, o proceso de concentración da produción en explotacións de maior tamaño leva aparelado incremento na demanda de man de obra asalariada. O traballo asalariado pasou de supoñer un 6% no ano 2003 ao 13% no ano 2013. (Ilustración 63)




Ilustración 63. Evolución do traballo asalariado e familiar nas explotacións

Neste contexto de contracción do sector, é importante destacar que o sector gandeiro é o que ten maior peso en Galicia. E dentro do sector gandeiro o subsector do vacún ocupa o primeiro lugar, non solo pola súa importancia económica de xeración de emprego e fixación de poboación no medio rural, senón tamén pola súa repercusión na xestión dos recursos forraxeiros e pastícolas no territorio.

As explotacións de gando vacún tamén seguen unha tendencia marcadamente decrecente rexistrándose no ano 2013 un total de 34.068 explotacións, segundo o Anuario de Estatísticas Agrarias de Galicia, un 1% menos que no ano 2011 e un 19% menos que no ano 2008 (Ilustración 64).




Ilustración 64. Número de explotación de vacún

Co fin de describir o sector, o indicador de **Especialización gandeira** reflicte que o subsector con maior peso en Galicia é o bovino, centrado nas provincias de Lugo, A Coruña e a comarca do Deza na provincia de Pontevedra, representando o 60% da cabana gandeira de Galicia. O segundo subsector en número de UG é o porcino que representa o 21% de Galicia e se localiza fundamentalmente en Ourense co 34% das UG de porcino. O sector avícola ocupa a terceira posición, tamén en Ourense (Ilustración 65).




Ilustración 65. Porcentaxes provinciais dos subsectores gandeiros 2009

A evolución da gandería entre 1999 e 2013, en termos de número de UG destas seis especies, indica unha diminución dun 13% da cabana gandeira (Ilustración 66).




Ilustración 66. Unidades gandeiras

O número de vacas por explotación é un parámetro que permite avaliar o proceso de reestruturación do sector. O incremento do número de vacas por explotación está directamente relacionado coa evolución das explotacións no sentido de aumentar as de maior tamaño e diminuír as de menor base territorial. En 2013 a relación era de 15,7 vacas por explotación mentres que en 2008 era de 13,4 vacas por explotación. Entre 2011 e 2013, este proceso continuou rexistrando un incremento do 5,4% (Ilustración 67).




Ilustración 67. Número de vacas por explotacións

O réxime de tenencia da terra é outro dos factores clave para a supervivencia e o desenvolvemento do sector. Do análise dos datos obsérvase que a propiedade é o réxime máis representativo na agricultura, gandería e silvicultura. Sen embargo, na serie temporal 1999 – 2009, na que se constata este feito, reflíctese un incremento relativo moi significativo da superficie baixo o réxime de arrendamento, parceria e outros, nun contexto de diminución da superficie agraria utilizada entre 1999 e 2009 segundo os datos do Censo Agrario (Ilustración 68).

A redución do sector gandeiro vese acompañada dunha redución da superficie agraria utilizada (SAU) entre 1999 e 2009 nun 7% comportamento observado en tres das catro provincias, coa excepción de Lugo, que experimenta un lixeiro aumento.

Tamén se observa esta tendencia nos datos do Anuario de Estatísticas Agrarias de Galicia e na cartografía SIOSE (sistema de información da ocupación do solo de España (Ilustración 66).




Ilustración 68. Evolución do Réxime de tenencia da terra

A provincia onde é maior este efecto é Pontevedra onde o peso relativo da terra en réxime de propiedade pasou de representar o 91,6% en 1999 ao 73,3% en 2009, case 18 puntos porcentuais menos. A nivel Galicia esta diminución foi de 83% en 1999 ata o 71% en 2009 como se amosa no gráfico (Ilustración 69).





Ilustración 69. Evolución da SAU (Censo Agrario)

Co indicador de **Especialización agrícola**, abórdase outro dos factores determinantes da agricultura e a gandería galega. O grupo de cultivos maioritario son os *prados e pasteiros* observándose neles unha tendencia decrecente entre os anos 2011 e 2013. No grupo dos *cultivos forraxeiros*, segundo grupo en termos de superficie ocupada, obsérvase unha estabilidade no período de 2011 ata 2013 (Ilustración 70).

A produción de forraxes asociada á base territorial das explotacións para alimentación da cabana gandeira forma parte da estratexia de axuste de custes que se impón no sector, particularmente, no vacún de leite. O cultivo de forraxes, como o millo e a pradeira, supón unha intensificación na produción respecto do aproveitamento mediante pastoreo de prados e pasteiros, polo que unha diminución destes pode indicar unha aposta por producir máis en menos terra ao correlacionarse cunha unha diminución da SAU superior que en superficies de cultivo (Ilustración 71).



Superficie agrícola por grupo de cultivo en ha

Prados e pasteiros	Cereais gran	Hortícolas, flores e viveiros	Viñedo	Leguminosas gran
Cultivos forraxeiros	Tubérculos	Castiñeiro	Froiteiras	Outros cultivos

Ilustración 70. Variación da superficie cultivada, prados e pasteiros entre 2011 e 2013.




Ilustración 71. Evolución da superficie cultivada, prados e pasteiros

Sen embargo, a nivel de Galicia, o peso relativo dos *cultivos forraxeiros* incrementouse nos últimos anos pasando do 32,1% en 2011 ó 34,6% en 2013 mentres que o dos *prados e pasteiros* decreceron pasando do 55,6 % no 2011 ata o 53,5% no 2013.

Este feito pode indicar unha tendencia a intensificar a produción de forraxes en base o cultivo de millo e herba (pradeiras) cos posibles riscos que elo pode ocasionar, tendencia posiblemente motivada pola dificultade no acceso á terra dos agricultores e gandeiros (*Ilustración 72*).




Ilustración 72. Evolución porcentual da superficie cultivada, prados e pasteiros

Tamén se aprecia neste período un incremento do peso dos *tubérculos* representando no 2011 un 2,2% e en 2013 un 2,4%. No referente os *cereais de inverno* obsérvase un incremento do peso desta orientación ao pasar do 4,4% en 2011 ao 5% no 2013.

A nivel provincial, A Coruña ten o maior peso relativo dos cultivos forraxeiros, cun 57,3% con tendencia crecente. Lugo (49%), Ourense (2,6%) e Pontevedra (32 %), aínda que en menor medida, tamén rexistran un crecemento destes cultivos. Os prados e pasteiros diminuíron nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, e se mantiveron na Coruña. Os tubérculos teñen unha evolución alcista nas provincias de Ourense e Pontevedra. Os cereais acadan en Ourense a maior representatividade co 10% mentres que o viñedo faíno en Pontevedra coa mesma porcentaxe do 10 % (Ilustración 73).

Por outra banda, unha das estratexias seguidas polas diferentes administracións é a de potenciar a competitividade do sector agrario aumentando o valor engadido dos produtos na cadea alimentaria e forestal. A produción ecolóxica e a certificación forestal aportan unha mellora na calidade dos produtos finais, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a crear

emprego. Ademais, a expansión de sistemas produtivos ecolóxicos supón unha mellora en termos de biodiversidade e leva consigo unha maior eficiencia na utilización da enerxía así como unha diminución na contaminación ocasionada polos agroquímicos empregados na agricultura convencional.




Ilustración 73. Peso provincial dos diferentes cultivos

Segundo o indicador de **Agricultura Ecolóxica**, esta actividade ven mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores, aínda que cunha escasa representatividade territorial sobre o total da superficie destinada a cultivos, prados e pasteiros, o 1,5% desta superficie en Galicia.

A distribución provincial deste indicador sinala a Lugo como a provincia máis representativa de todas, xa que concentra o 44% da superficie total e o 39% dos operadores dedicados a esta actividade. As provincias con menor presenza desta actividade foron Pontevedra, no caso da superficie (7%), e Ourense, no caso dos operadores (16%). O número de operadores, en 2013, ascendía a 656, dos cales o 80% eran produtores, o 18% elaboradores e o 2 % comercializadores e outros (Ilustración 74).




Ilustración 74. Agricultura ecolóxica 2013

Non obstante, a evolución dos datos do consello regulador da agricultura ecolóxica, (CRAEGA) augura un gran potencial de crecemento. No período 2011-2013 rexistrouse un aumento do 2,4% da superficie inscrita e un aumento do 11,9% no número de operadores (Ilustración 75 a Ilustración 77).




Ilustración 75. Evolución da superficie total rexistrada polo CRAEGA




Ilustración 76. Número de operadores rexistrados polo CRAEGA

Por provincias, a evolución dos datos indican que Lugo rexistra en 2013 un aumento do 91% de superficie dedicada á agricultura ecolóxica con respecto a 2011. A Coruña e Pontevedra incrementaron a superficie de agricultura ecolóxica máis dun 70% respecto a mesmo ano.




Ilustración 77. Evolución provincial da superficie de agricultura ecolóxica entre 2001 e 2013.

Sub-bloque I. Pesca e acuicultura

A pesca e a acuicultura son desde sempre unhas actividades económicas e sociais de gran relevancia para Galicia, ademais de ter un peso relativo significativo en termos comparativos cos datos do conxunto de España. A pesca de Galicia, na actualidade, está a vivir un proceso de transformación derivado da explotación intensiva dos recursos e do cambio na dimensión da flota pesqueira, como factores destacados. A acuicultura en Galicia é unha actividade de interese público de primeira orde, cunha grande potencialidade e obxecto de fundadas expectativas.

O indicador de **Especialización acuícola** no ano 2013 sinala un predominio claro dos bivalvos na produción acuícola mariña galega; un 96% da produción acuícola mariña total e un 61% do valor económico desta produción. Concretamente, o mexillón é a especie que ten unha maior representatividade, acadando o 94,8% da produción acuícola mariña total. Este dato alerta dos perigos derivados dos monocultivos, que aconsellan o desenvolvemento de estratexias de diversificación da produción (Ilustración 78).

A produción de mexillón galego atópase tamén moi localizada na provincia marítima de Vilagarcía (64,6% do total da produción), en concreto nos distritos de Pobra do Caramiñal, Vilagarcía de Arousa, Cambados e O Grove de xeito destacado. Tamén Cangas despunta dentro da provincia marítima de Vigo.

Respecto dos datos do primeiro informe de 2011, non se produciron cambios de representatividade dos grupos biolóxicos ou das especies, sendo o mexillón a especie que historicamente tivo un maior peso na acuicultura galega. O que si variou foi a produción e o valor económico asociado, xa que diminuíron tanto as producións como as recadacións obtidas, un 22% e un 37% respectivamente, fundamentalmente debido aos prolongados peches por biotoxinas nos polígonos de mexillón en 2013 e que se recuperaron no 2014.




Ilustración 78. Porcentaxe do valor de produción por especie 2013

Outros dous indicadores incorpóranse este ano ao plan de seguimento das DOT, o **Capacidade Pesqueira** e a **Ocupación na pesca e na acuicultura**, que permiten achegarnos unha caracterización da flota pesqueira galega.

A análise do indicador de **Esfuerzo pesqueiro** ofrécenos un detalle da flota de buques inscritos no Rexistro de Buques de Galicia, as súas características de arqueo, de rexistro bruto e a súa potencia, segundo caladoiro e zona administrativa asociada.

No ano 2013 foron 4.583 os buques con porto base en Galicia: o 37,8% na zona administrativa III-Arousa, seguida de Vigo (16,5 %) e Muros (13,4%). O 95,5 % dos buques faenan no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, empregando fundamentalmente artes menores.

O arqueo de rexistro bruto nos buques con porto base en Galicia indica que, en 2013, os arqueos superiores dábanse nos buques de caladoiros internacionais e comunitarios, mentres que a potencia media é menor nos buques de caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste.

Os buques que teñen uns valores medio superiores, tanto de arqueo como de potencia, teñen porto base na Mariña lucense, seguida de Lugo e, a moita distancia, do resto.

No que se refire a recursos humanos vinculados á pesca e á acuicultura analizouse o indicador de **Ocupación na pesca e na**

acuicultura (Ilustración 79). En 2013 foron 11.746 os tripulantes dos buques inscritos no Rexistro de Buques de Galicia, dos que un 78,4% saíron a pescar ao caladoiro nacional, especialmente con artes menores. Ademais, o número de ocupados en establecementos acuícolas foi de 5.461 traballadores, un 74,20% dos cales traballan en bateas, un 14,55% en parques de cultivo e un 11,25% no resto de establecementos acuícolas




Ilustración 79. Ocupación na pesca e na acuicultura no ano 2013

Sub-bloque J. Aproveitamento forestal

O incremento continuado da superficie forestal ordenada debe interpretarse como un dos indicadores de sustentabilidade que nas DOT recollen na súa determinación 3.3.6. ao sinalar que a Xunta de Galicia promoverá a xestión forestal sostible, contemplando funcións produtivas, sociais e ecolóxicas, para o que serán de aplicación os instrumentos de ordenación forestal.

Para isto, se deberá favorecer actuacións enfocadas a reducir ou previr a fragmentación do territorio promovendo a produción forestal sustentable, a calidade paisaxística do monte, as funcións ecolóxicas e a prevención de riscos ambientais como incendios, inundacións ou erosión do solo.

Para avaliar o cumprimento desta determinación definiuse, entre outros, o indicador **Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal** que cuantifica a superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal. A ordenación forestal é a base dunha xestión forestal sustentable que, focalizada nunha planificación espazo temporal, inclúe a inventariación dos recursos sobre a base do mellor uso posible destes, a definición de prioridades e a avaliación de alternativas.

O indicador **Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal** reflicte para o ano 2013 un incremento de 22.308 ha en superficie ordenada acadando as 216.657 ha que representan o 10,62% da superficie forestal de Galicia. (Ilustración 80 e Ilustración 81)







Ilustración 80. Evolución do indicador 2004 – 2013

As consecuencias da ordenación forestal van mais aló do incremento da competitividade económica ou a eficiencia na explotación sostible dos recursos, xa que cuestións como o patrimonio natural e cultural, o ciclo hídrico, a enerxía ou o cambio climático vense en maior o menor grao afectadas, en tanto que se incide sobre a fragmentación do territorio, a fixación de poboación no medio rural ou a calidade ambiental e paisaxística

A elaboración da cartografía que recolla as zonas de maior aptitude tanto agrogandeira como forestal así como a redacción de plans e programas que teñan en consideración a aptitude e capacidade produtiva e de acollida do solo, son mandatos que nas DOT se establecen para acadar procesos socioeconómicos sustentables baseados na explotación racional dos recursos naturais.



Sup. con instrumentos de ordenación e xestión forestal no 2013



Sup. instrumentos de ordenación e xestión forestal e porcentaxe entre superficie con instr. orden e xest for e a superficie arborada, desarborada e pasteiro por provincias e Galicia

Sup. con instr. de orden e xestión forestal e porcentaxe entre superficie con instrum. de orden e xest for e superficie arborada, desarborada e pasteiro en Galicia = 216.657 ha e 10,62 %

Ilustración 81. Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal no 2013

Sub-bloque L. Turismo

O plan de seguimento conta con dous indicadores para estimar a evolución do turismo en Galicia: **Intensidade turística e Estacionalidade turística**, este último de nova incorporación.


Como se ten dito no primeiro informe, o indicador **Intensidade turística** computa a oferta e a demanda dos establecementos turísticos regrados existentes no territorio, poñéndoos en relación coa superficie e a poboación residente, o que permite avaliar a presión que os turistas exercen sobre os recursos.

Entre 2011 e 2013 a oferta e a demanda turística de Galicia presentan a seguinte evolución: a oferta turística pasou de 4,2 a 4,4 prazas/km² e a demanda de 289 a 272 pernoctacións/km². Estes datos complementáanse co índice de poboación turística³, que pasou de 0,84 a 0,80 para o total de visitantes e de 0,55 a 0,53 para os visitantes foráneos. Os resultados para o ámbito de xestión do POL, que corresponden ao de maior intensidade turística, evolucionaron do seguinte xeito: a oferta mudou de 32,5 a 33,2 prazas/km de costa; a demanda, de 2.090 a 1.948 pernoctacións/km de costa; e o índice de poboación turística, de 0,91 a 0,85 para o total de visitantes e de 0,61 a 0,57 para os visitantes foráneos. Resumindo, os datos sobre a oferta apuntan unha tendencia crecente e os relativos á demanda trazan unha variación negativa que non pode considerarse signo dunha tendencia decrecente, xa que debe terse en conta o contexto económico deste período estudado.

Polo que atinxe á distribución espacial da intensidade turística (**Ilustración 83 e Ilustración 84**), non se manifestan cambios significativos. O litoral continúa sendo o territorio turístico por

excelencia, de feito, a Ría de Arousa é o subxeodestino máis demandado (2.429 pernoctacións/km²) e o que acadou o índice de poboación turística máis elevado (2,16). Os concellos galegos con maior número de prazas turísticas son Sanxenxo e o Grove, con 317,9 e 278,9 prazas/km² respectivamente (**Ilustración 82**).

Atendendo ao sistema de asentamentos formulado polas DOT, pódese afirmar que as grandes cidades (27,5 prazas/km²) e as cabeceiras e subcabeceiras do SUI (8,1 prazas/km²) presentan maior intensidade de oferta turística que a media galega, mentres que os NET (2,0 prazas/km²) sitúanse por debaixo dese valor medio.




A área das burbullas azuis representa o índice de poboación turística dos xeodestinos seleccionados pola súa demanda.

Non se representa o valor mínimo da oferta turística porque hai varios concellos sen establecementos turísticos regrados.

Ilustración 82. Valores máximo e mínimo respecto á intensidade turística (2013)


³ Índice de poboación turística = ((Nº de pernoctacións / Nº de días no ano) / Poboación) * 100



Intensidade da oferta turística (2013)

Prazas por km² 0 0 - 1 2 - 5 6 - 50 51 - 250 251 - 318

Ilustración 83. Intensidade da oferta turística (2013)



Intensidade da demanda turística (2013)

Pernotacións por km² 27 - 50 51 - 200 201 - 500 501 - 2429

Pernotacións de residentes de dentro de Galicia Pernotacións de residentes de fóra de Galicia

Ilustración 84. Intensidade da demanda turística (2013)

A información recentemente incorporada ao sistema de indicadores corrobora dous aspectos relacionados coa **Estacionalidade turística**: a demanda está claramente concentrada nos meses de xullo e agosto, nos que se rexistran o 38,2% das pernoctacións anuais, e esta característica agudízase no litoral, ao estar fortemente polarizado o sector ao turismo de praia (Ilustración 86).

Os resultados tamén denotan que a procedencia dos turistas é un factor que altera lixeiramente os valores desta medida. Así, as cifras da demanda turística estival son máis elevadas no caso dos foráneos que no dos galegos, xa que o 40,8% das pernoctacións anuais dese colectivo teñen lugar durante este período.

Por último, a análise da variación estacional respecto ao ano anterior (Ilustración 85) permite afirmar que se incrementou levemente a estacionalidade turística durante o ano 2013 (1,5 puntos porcentuais).

A capacidade de estratexias como a dos itinerarios de interese paisaxístico e ambiental ou a recuperación de elementos do Patrimonio cultural que enucian as DOT para a desestacionalización do turismo en Galicia poderán avaliarse no futuro.





Ilustración 85. Variación da estacionalidade turística (2012-2013)



Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto (2013)

Total	21 - 25	26 - 30	31 - 35	36 - 45	46 - 64
De fóra	24 - 25	26 - 30	31 - 35	36 - 45	46 - 64

Ilustración 86. Estacionalidade turística no ano 2013

3.6. Bloque 6. Metabolismo (MET)

Este bloque de indicadores avalía a evolución dos vectores ambientais. Aborda o subministro de enerxía de calidade, a redución e a eficiencia do consumo ou o peso das fontes de enerxía renovable; a mellora da calidade da auga e o mantemento dos recursos hídricos, favorecendo un uso eficiente así como a optimización das infraestruturas de abastecemento e saneamento; a contribución á xestión eficiente dos residuos, que propicie a minimización da xeración e a recollida selectiva, e a redución das emisións contaminantes nocivas.

Os indicadores que conforman o bloque de Metabolismo veñen a avaliar a autosuficiencia dos fluxos metabólicos organizándose en catro sub-bloques, que se articulan en torno aos principais fluxos: **A. Enerxía, B. Ciclo hídrico, C. Ciclos de materiais e D. Atmosfera e cambio climático.** Neste segundo informe de seguimento abórdanse os seguintes indicadores:

Táboa 9. Indicadores do bloque de Metabolismo

Sub- bloque	Indicador	Ámbito
Enerxía	Intensidade enerxética final	DOT
Ciclo hídrico	Calidade da auga nas zonas de baño	DOT/POL
Ciclos de materiais	Xeración de residuos urbanos	DOT/POL
	Recollida selectiva bruta	DOT/POL
	Dotación de puntos limpos	DOT/POL
Atmosfera e cambio climático	Emisións de gases efecto invernadoiro	DOT

Sub-bloque A. Enerxía

Nun escenario como o actual, de encarecemento e potencial escaseza de enerxía, a eficiencia enerxética constitúe un valor fundamental cara a sustentabilidade e competitividade económica a medio e longo prazo dun territorio. Neste escenario, as estratexias sectoriais teñen que encamiñarse cara a producir con calidade e con menor custe. O consumo de enerxía, especialmente aquela que é preciso importar, como son os derivados do petróleo, amosa ser un dos factores clave no eido empresarial, que se verá beneficiado pola maior concorrència de enerxías renovables.

A análise enerxética baséase na avaliación do consumo, produción, demanda e intensidade enerxética por habitante e no grao de autosuficiencia enerxética dun territorio. O indicador **Intensidade enerxética final** relaciona consumo de enerxía e produto interior bruto ou riqueza xerada. Neste segundo informe actualízase a medida Consumo de enerxía final por unidade de produto interior bruto (PIB), que avalía a eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos para producir crecemento económico, e enriquecese cunha segunda medida, Consumo enerxético final, pola relevancia deste concepto no balance enerxético.

No ano 2012, a intensidade enerxética final foi inferior á do anterior período estudado en 0,054 ktep/millón de €, acadando un valor de 0,1156 ktep/millón de €, posiblemente como consecuencia da maior eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos. A análise provincial pon de manifesto un comportamento dispar, xa que en Lugo o valor supera significativamente o valor medio, ata chegar a 0,2153 ktep/millón de €, debido á presenza de industrias cun consumo especialmente intenso de enerxía ([Ilustración 87](#)).

Ampliando o período temporal de análise, entre 2004 e 2012, compróbase que a intensidade enerxética final experimentou fluctuacións interanuais leves neste período, no marco dunha

tendencia xeral descendente. O descenso foi máis acusado no ano 2009, probablemente como consecuencia da ralentización da economía, factor claro na redución do consumo enerxético, mentres que no 2010 produciuse un pico para volver a descender a partir do 2011, acadando a cifra máis baixa da serie en 2012 (Ilustración 88).




Ilustración 87. Intensidade enerxética final e consumo enerxético final en Galicia (2010, 2012)




Ilustración 88. Evolución da intensidade enerxética final en Galicia e nas catro provincias (2004 a 2012)

No que se refire ao consumo enerxético final, durante 2012, consumíronse 6.393 ktep.en termos globais, 458 ktep menos que en 2010.

Compróbase que no intervalo temporal 2004 – 2012 esta medida experimentou alternancia no signo das variacións, mostrando tres puntos de inflexión nos anos 2008, 2009 e 2010, momento desde o cal mantén una curva descendente ata o 2012 (Ilustración 89).

Este comportamento non sempre é extensible ás catro provincias, nin en signo nin en magnitude, sendo a provincia da Coruña na que se producen as maiores variacións.




Ilustración 89. Evolución do consumo enerxético final en Galicia e nas catro provincias (2012)

No 2012, o 39% do consumo enerxético empregouse no transporte, a pesca, a agricultura, actividade mineira e construción e procedeu maioritariamente de produtos petrolíferos.

Sub-bloque B. Ciclo hídrico

A calidade das augas é un dos obxectivos prioritarios da Comunidade Autónoma en coherencia coas directivas europeas neste eido. A avaliación do estado das augas e as características da explotación deste recurso é polo tanto ineludible para lograr o obxectivo marcado.

Un dos indicadores deseñados no plan de seguimento é o denominado **Calidade da auga nas zonas de baño**, aspecto fundamental para o uso deste recurso como factor de ocio e benestar da poboación así como de desenvolvemento do recurso turístico.

En 2013, o 71% das zonas de baño acadaron a cualificación de Excelente, o 15% foron Boas, o 7% Suficientes e o 6% que resultaron ser Insuficientes.

En relación ao ano 2011, a calidade da auga nas zonas de baño galegas mellorou globalmente, incrementándose nun 3% as de cualificación Excelente ou Boa e diminuíndo nun 1% as de cualificación Suficiente e nun 3% as de cualificación Insuficiente (Ilustración 90).




Ilustración 90. Número e porcentaxe de zonas de baño con cada clasificación sanitaria en Galicia (2011, 2013)

A nivel provincial son A Coruña e Pontevedra, en zonas maioritariamente marítimas, as que acaparan os valores máis altos na porcentaxe de zonas cualificadas como Excelentes (77% e 73%) ou Boas (11% e 13%) (Ilustración 91 e Ilustración 92).





Ilustración 91. Evolución das porcentaxes de zonas de baño con cada clasificación sanitaria por provincias (2011, 2012 e 2013)

No ámbito do POL, a tendencia é semellante á xeral para Galicia, aínda que se se considera o tipo de auga (continental ou marítima) compróbase que a a evolución foi máis positiva nas primeiras, xa que en 2013 en ningunha zona de baño continental se obtiveron resultados Suficientes ou Insuficientes.



Número de zonas de baño e clasificación sanitaria por concello (2013)
Calidade da zona de baño
Excelente Boa Suficiente Insuficiente
Número de zonas de baño
10
1

Ilustración 92. Número de zonas de baño e clasificación sanitaria por concello 2013

Sub-bloque C. Ciclos de materiais

A cuantificación e caracterización dos residuos xerados en función da súa orixe, así como o grao de reciclaxe que acadan resultan aspectos relevantes a ter en conta nas políticas de redución da xeración de residuos coa finalidade de diminuír os importantes impactos negativos que destes se derivan.

Así, o indicador de **Xeración de residuos urbanos** cuantifica a xeración bruta de residuos de Galicia, mentres que o indicador de **Recollida selectiva bruta** informa sobre o peso relativo das cantidades recollidas de cada fracción. Por outra banda, o indicador de **Dotación de puntos limpos** identifica os concellos con e sen ese servizo, así como a poboación á que se lle subministra, independentemente de que contén ou non con instalacións físicas de punto limpo no seu concello.

Os datos de **Xeración de residuos urbanos** correspondentes a 2013 revelan unha redución dos residuos xerados desde 2011 (Ilustración 93) tanto en valor absoluto por ano (85.555 tn menos) como por habitante e día (0,073 kg/hab/día menos). Cómpre indicar que o valor obtido sitúase por debaixo do valor limiar fixado polo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 fixado en 1,094 kg de RU/hab/d en 2020.




Ilustración 93. Xeración de residuos urbanos en Galicia (2011, 2013)

Continúase observando que existen escasas diferenzas interprovinciais, dándose os valores máis altos na provincia de A Coruña e os máis baixos na de Ourense (Ilustración 94).




Ilustración 94. Xeración de residuos urbanos por provincias (2013)

No caso dos concellos do POL, en 2013 a cantidade de residuos urbanos xerada por termo medio foi de 1,119 kg/hab/d, superior á xerada por termo medio para o total de Galicia (1,052 kg/hab/d). Este valor reflicte, entre outros factores, á maior incidencia da poboación estacional -principalmente vinculada ao período estival nalgúns dos concellos do ámbito estudado. Respecto aos resultados das toneladas xeradas ao ano, son proporcionais á poboación. Na Ilustración 95 móstranse os resultados de xeito resumido. No ámbito do POL tamén diminúe durante o período analizado a produción de residuos, tanto en valor absoluto como por habitante e día.




Ilustración 95. Xeración de residuos urbanos ámbito POL nos anos (2011, 2013)

Os datos de 2013 do indicador de **Recollida selectiva bruta** indican que as cantidades recollidas por habitante das catro fraccións son moi similares as do ano 2011, mostrando pequenas variacións en vidro e papel cartón; a fracción de vidro incrementa o ratio por habitante e día mentres que o papel cartón o diminúe (Ilustración 96).




Ilustración 96. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011, 2013)

Respecto aos resultados obtidos para os concellos do POL en comparación cos obtidos para o total de Galicia, as cantidades recollidas por habitante e día de envases lixeiros e vidro son semellantes, mentres que para papel e cartón e materia orgánica son superiores. As cantidades totais para estas catro fraccións tamén son superiores neles (0,158 kg/hab/d fronte a 0,134 kg/hab/d) (Ilustración 97).




Ilustración 97. Recollida selectiva bruta nos concellos do POL (2011, 2013)

A análise da información de 2013 do indicador **Dotación de puntos limpos** indica unha tendencia positiva nas tres medidas: os datos reflicten un aumento, tanto de número de concellos con instalacións de punto limpo (11 concellos) como de concellos que dispoñen do servizo (19 concellos) e, consecuentemente, da poboación que conta con este servizo (241.834 persoas).

Afondando na análise dos datos, compróbase que en 2013, 131 concellos galegos contaban con instalación de punto limpo aínda que o número total das mesmas ascendía a 135. Se a análise se fai sobre o número de concellos que contaba con servizo, a cifra ascende a 219, que inclúe aos 102 que teñen o servizo prestado por outro concello (hai 14 concellos que tendo instalación de PL, poden recibir o servizo tamén doutros concellos, e 88, que sen ter instalación, reciben o servizo noutro concello). Finalmente, en termos da poboación, máis do 85 % dos habitantes galegos

contaban con servizo de punto limpo no 2013, un 14% máis que en 2011, algo máis de 2.363.500 persoas (Ilustración 98 e Ilustración 100).




Ilustración 98. Dotación de puntos limpos en Galicia (2011, 2013)

No ámbito do POL, o número de concellos que contaban con instalación de punto limpo, pasou de 44 a 49. Así mesmo, tamén se incrementou o número total de instalacións, que ascendeu de 44 a 49. Se a análise se fai sobre o número de concellos que contaba con servizo, a cifra ascendeu en 9 concellos, incluíndo os 6 concellos das Mariñas coruñesas que, tendo instalación de PL, poden recibir o servizo tamén doutros concellos, e 14 concellos que, sen ter instalación, reciben o servizo noutro concello.

Finalmente, en termos da poboación que recibe o servizo, o incremento foi importante, dado que a porcentaxe de persoas con acceso ao servizo pasou do 67% dos habitantes en 2011 a algo máis do 89% durante 2013. Na Ilustración 99 resúmense os resultados obtidos.





Ilustración 100. Concellos con servizo de punto limpo 2013

Sub-bloque D. Atmosfera e cambio climático

O fenómeno do cambio climático de orixe antrópico, ao que contribúe a emisión de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) é un fenómeno global e de tal xeito ten que ser abordado, resultando moi importante a suma de esforzos das diferentes administracións para que cada unha, no seu ámbito, contribúa a frear este fenómeno. O diagnóstico da consecución deste obxectivo orientase principalmente en dúas liñas: o control das emisións de GEI e o apoio aos sumidoiros de carbono.

O indicador de **Emisión de gases efecto invernadoiro** cuantifica as emisións á atmosfera dos gases efecto invernadoiro pola relación directa que garda coa calidade do aire, sen ter en conta a súa orixe, sexa industrial ou non.

Segundo o *Inventario Nacional de Emisiones a la atmósfera 1990-2012*, o importante descenso na cantidade de emisións que se deu entre 2008 e 2009 a nivel estatal asociouse con dous elementos moi relevantes: o drástico cambio na distribución de combustibles empregados no sector da xeración de electricidade (cunha importante caída do consumo de carbón) e o reflexo da recesión económica, que provocou unha notable caída en sectores cunha contribución importante ás emisións do inventario.

No caso de Galicia o descenso continuou tamén en 2010, ano a partir do cal, ao contrario do que ocorre a nivel estatal, cambia a tendencia e volven a aumentar as emisións.

Na Ilustración 101 pode comprobarse a diferente evolución de Galicia respecto a España no último período analizado.




Ilustración 101. Evolución do índice anual de emisións en España e Galicia (1990 a 2012)

En 2012, as actividades de combustión son as responsables do maior aporte de CO₂, incluíndo estas as procedentes das industrias do sector enerxético, das manufactureiras e da construción así como do transporte. (Ilustración 103).

As actividades de combustión xeraron arredor de 24.250 quilotoneladas, que representaron o 81% das emisións totais dese ano mentres que as emisións fuxitivas dos combustibles supuxeron arredor de 291 quilotoneladas, que representaron menos do 1% respecto ao total de 2012.

O resto de categorías tiveron unha contribución claramente inferior, oscilando entre o 0,11% atribuíble á agricultura e o 0,26% correspondente ao uso de disolventes e outros produtos.

En termos absolutos, desde 2010 a 2012, as emisións de CO₂ equivalente aumentaron en Galicia, principalmente porque se incrementaron un 79% (5.705 quilotoneladas) as emisións procedentes das industrias do sector enerxético e un 23% (4.453 quilotoneladas) as procedentes da combustión. Non obstante, tamén se produciron descensos de emisións nalgúns sectores como no transporte, cunha redución de 740 quilotoneladas de CO₂ equivalente, o que supón un descenso dun 12%, ou nas industrias manufactureiras e da construción, cunha redución de 311 quilotoneladas, que representa unha redución dun 11% (Ilustración 102).




Ilustración 102. Quilotoneladas de CO₂ equivalente en Galicia (2010, 2012)




Ilustración 103. Emisións de CO₂ equivalente por categoría de actividade no ano. 2012

3.7. Bloque 7. Mobilidade (MOB)

A mobilidade debe confirmarse como un dos parámetros imprescindibles para o fomento da sustentabilidade na planificación territorial.

As políticas públicas de fomento dos desprazamentos a pé e en bicicleta poden determinar a transferencia de parte dos desprazamentos en vehículo privado cara a modos non contaminantes. A mellora na dotación e na eficiencia do transporte público é tamén un factor determinante para a mellora da calidade ambiental e acústica do municipio. O vehículo privado representa un dos principais focos de contaminación atmosférica e acústica, responsable en boa medida da emisión de gases de efecto invernadoiro que contribúen ao cambio climático global.

Neste senso, as DOT determinan que se deberá garantir a mobilidade, aínda que prestando especial atención a fórmulas de transporte sostible (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.). Por outra parte, as DOT tamén establecen que os plans e proxectos das administracións públicas deben estudar a implantación de solucións de deseño que outorguen prioridade ao transporte colectivo (carril-bus, apeadeiros, intercambiadores...) e que faciliten a mobilidade peonil (Determinacións 3.1.5.b e 4.1.6).

As Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral abordan a redución das necesidades de mobilidade cunha asignación de usos e actividades que faga posible relacións de proximidade entre as orixes e destinos máis habituais da poboación, trátase de xerar centralidades e de fomentar a complexidade de usos e funcións dos asentamentos.

Ademais, na planificación e deseño dos asentamentos urbanos e rurais débense prever os espazos e as dotacións necesarias para os modos de transporte e mobilidade que sexan posibles en cada contexto, procurando a intermodalidade e a diminución do uso masivo e case exclusivo do automóbil privado.

Sub-bloque A. Situación global

Para este bloque, coa finalidade de analizar a situación global do reparto modal definiuse o indicador **Repartición modal da mobilidade cotiá** que aporta información sobre a modalidade de desprazamento da poboación ao seu lugar de estudo ou traballo.

Os modos de desprazamento que se recollen son: vehículo privado motorizado, motorizado combinando público e privado, motorizado público, mobilidade alternativa, outros e non aplicable (maiores de 16 anos que estudan no seu propio domicilio, en varios municipios ou que se desprazan a estudar ou traballar dende unha segunda residencia).

A actualización do indicador implica o estudo do intervalo 2001 – 2011. No 2011, a poboación ocupada ou estudante, maior de 16 anos, que se despraza a diario acada o 87,9% destas persoas. O reparto modal sinala que destes desprazamentos, o 53,3% fixérono en vehículo privado motorizado, mentres que un 17% fixérono a pé ou en bicicleta e un 9,8% empregaron transporte público. Respecto do 2001, a porcentaxe de persoas que non se desprazan habitualmente creceu nun 5% ([Ilustración 105](#)).

En comparación coas porcentaxes correspondentes ao ano 2001, as cifras de 2011 indican un aumento do uso do vehículo privado (8,2 puntos de diferenza). No resto dos modos de transporte apréciase unha diminución das porcentaxes: -0,8 puntos na mobilidade alternativa, -0,5 puntos no transporte público e -0,2 puntos no transporte combinado público e privado.

Unha análise provincial reflicte concentración da maioría dos desprazamentos nas provincias de A Coruña e Pontevedra ([Ilustración 104](#)).




Ilustración 104. Valores provinciais da repartición da mobilidade cotiá en Galicia en 2011




Ilustración 105. Número de persoas que se desprazan habitualmente a traballar ou estudar⁽¹⁾

Unha análise comparada entre Galicia e o ámbito litoral amosa un comportamento análogo, o 54,9% das persoas que se desprazan fano en vehículo propio mentres que o 17,2% empregan algún modo de transporte alternativo como a bicicleta ou o desprazamento a pé.

Así mesmo, de xeito análogo a Galicia, a porcentaxe de persoas que precisan desprazarse fora do seu concello de residencia diminuíu con respecto ao ano 2001, que no ámbito do POL foi dun 6,3%, mentres que no conxunto de Galicia foi dun 5% (Ilustración 106).

Comparativamente, en España, o modo de transporte público ten un peso relativo maior ao empregalo máis dun 15% das persoas fronte ao 9% en Galicia e un 10% no espazo litoral. O transporte en vehículo privado é un 2% e un 3% menor en España que en Galicia e no ámbito POL respectivamente.




Ilustración 106. Repartición modal da mobilidade cotiá no ámbito do POL, Galicia e España en 2011

4 Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)

Constitúe a terceira das ferramentas do plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e o seu obxectivo é coñecer cómo percibe a cidadanía os efectos destas sobre a contorna. Atendendo ao obxecto do Plan, contéplase a elaboración dunha enquisa a fin de coñecer a valoración da cidadanía acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural, así como a consideración acerca das melloras pretendidas polos instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo.

Deste xeito, e a modo de síntese, perséguese os aspectos mencionados nos ISA correspondentes das DOT e do POL, nos que se apunta que a citada enquisa debería conseguir información sobre as seguintes cuestións:

- Servizos urbanísticos
- Dotacións, equipamentos e espazos libres
- Mobilidade: opcións, alternativas e calidade.
- Calidade ambiental
- Satisfacción global en atención aos temas anteriores
- Paisaxe: satisfacción coa paisaxe

Estratexia e metodoloxía para o seu deseño

Como xa se apuntou no anterior Informe optouse por empregar como punto de partida os medios e ferramentas existentes. Así, en estreita colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE), fíxose unha análise exhaustiva dos cuestionarios existentes para Galicia e que manteñen relación con estes obxectivos. Concretamente, seleccionáronse os cuestionarios empregados polo IGE relativos á “*Enquisa de Condicións de Vida das Familias*” (ECV) e á “*Enquisa Social: Fogares e Medio Ambiente*”.

A ECV, que realiza o IGE desde o ano 1999, é unha enquisa dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dous módulos: un primeiro de carácter xeral que se repite todos os anos e un segundo módulo de carácter específico dedicado a bloques temáticos de variables que presentan unha máis lenta evolución, polo que non necesitan un período anual de recollida de datos.

Entre os módulos específicos investigados está o Módulo de vivendas familiares: características e medio, que ten como finalidade obter información sobre as características das vivendas, das infraestruturas do seu contorno e do equipamento dos fogares. Este módulo efectuouse nos anos 1999, 2005 e 2010. A planificación dos módulos específicos da ECV para o período 2012-2016 incluía realizalo de novo neste ano 2015, engadindo ademais algunhas preguntas sobre mobilidade e medio ambiente.

Atendendo ao anterior, propúxose unha serie de preguntas específicas, que completasen as de partida e así achegarse aos obxectivos da Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística.

Estruturadas en dous apartados, aquel que estableceu o ISA e un relativo á paisaxe, os GTT determinaron a documentación base sobre a que traballar na confección da ECV para os vindeiros exercicios.

Proposta de enquisa seleccionada

Atendendo as achegas do grupos técnicos de traballo, elaboráronse o Módulos de mobilidade e vivendas familiares: características e medio 2015 da Enquisa Estrutural a Fogares, no que se integran as cuestións que conforman a EPTU. Dito módulo da enquisa atópase na fase de traballo de campo con cobertura a nivel autonómico e coa previsión de dispor dos seus resultados no terceiro trimestre do vindeiro exercicio.

5 Conclusión.

O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia.

A comprobación da coherencia dos resultados cos obxectivos sinalados nas DOT precisa dunha metodoloxía que sexa quen de avaliar os efectos producidos polas diferentes políticas e actuacións sobre o territorio. Con este obxectivo deseñouse o PSST que actúa a través de 3 instrumentos: o seguimento dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, os indicadores de sustentabilidade territorial e a EPTU.

A implementación dos indicadores irase completando ata abarcar o conxunto de determinacións das que emana o seguimento das DOT. A evolución destes indicadores, irá mostrando a coherencia coa tendencia explicitada para cada un deles, en virtude das que concreten os diferentes instrumentos que en desenvolvemento das DOT se aproben, como é o caso do Plan de Ordenación do Litoral. No caso de que a evolución sinale unha distorsión coa tendencia de referencia será preciso actuar para a corrección da desviación a través das políticas sectoriais da Administración Autonómica.

Se as DOT constitúen as referencias de índole territorial para acadar determinados obxectivos de sustentabilidade e equilibrio territorial, os indicadores están directa ou indirectamente vinculados cunha ou varias das determinacións das DOT ou do POL.

No Anexo I recóllese a relación entre as determinacións e obxectivos das DOT e os distintos indicadores, así como unha táboa resumo da evolución dos indicadores do PSST.

No Anexo II inclúese a relación dos Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI) incluídos no PSST. A súa análise permite avaliar en que medida as administracións están a cumprir cos compromisos derivados das determinacións das DOT no ámbito das súas competencias. E dicir, deben dar resposta aos

compromisos que a Comunidade Autónoma se impón no desenvolvemento dos seus instrumentos de planificación territorial.

No período de tempo transcorrido dende a emisión do primeiro informe, cabe subliñar algunhas cuestións relevantes, como a aprobación do Plan sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galicia, elaborado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, baixo os principios derivados das Directrices e desde unha análise amplo baseado no modelo territorial proposto. Destacable é igualmente a aprobación neste mesmo período de doce novos PXOM, o que supón un incremento do 133% respecto á data anterior. A isto debe engadirse o dato de que actualmente atópanse en tramitación 170 plans xerais de ordenación municipal, que afectan a mais da metade dos concellos de Galicia e máis de dúas terceiras partes da superficie total da Comunidade Autónoma.

O Anexo III contén os indicadores de sustentabilidade territorial (IST). No primeiro informe sentouse a base conceptual e o punto de partida para o desenvolvemento deste sistema de avaliación e recolleuse o estado actual de cada un dos aspectos que avalían os indicadores de sustentabilidade territorial.

Referíase ao comezo deste informe que se precisa un intervalo de tempo suficiente para que os efectos previstos poidan aflorar e ser avaliados.

Catro anos desde a aprobación das DOT semella non ser un período suficiente para concluír tendencias sobre variables como a funcionalidade dos ecosistemas naturais, metabolismo urbano, mobilidade, cohesión social ou paisaxe.

Polo tanto, este segundo informe aínda non ten a perspectiva necesaria para unha avaliación dos efectos das DOT de xeito concluínte, aínda que a evolución dalgúns indicadores amosan tendencias que é preciso considerar, algunhas que ratifican procesos coñecidos e outras sobre as que cómpre poñer especial

atención cara a despregar as políticas e instrumentos sectoriais comprometidos nas mesmas.

Non obstante, cómpre salientar os seguintes aspectos, relativos á:

Consumo eficiente de solo:

- Maior eficiencia na ocupación do solo dos plans urbanísticos adaptados ao Plan de ordenación do litoral, ao favorecer os crecementos ligados ás tramas consolidadas, ou pola contención de novos desenvolvementos.
- Sen embargo, na década anterior á aprobación das DOT (2001-2011), o indicador de vivendas familiares, secundarias e baleiras sinala unha tendencia de forte crecemento en xeral, que acadou un aumento superior ao 20% nunha década no que a poboación medrou por baixo do 3%. Unha aposta clara por dar prioridade a reutilización do patrimonio construído sobre a nova construción, posibilitará a corrección deste comportamento, adecuándoo ás dinámicas demográficas e de ocio.

Autosuficiencia dos fluxos metabólicos.

- Mellora da calidade das augas, que se reflicte na continua mellora do indicador de Calidade das augas das zonas de baño.
- Mellor xestión dos residuos, ao reducirse a xeración de residuos urbanos e aumentar a accesibilidade da poboación aos sistema de puntos limpos, facilitándose así a reutilización de materiais.
- Mellora da eficiencia no consumo de enerxía reducíndose a intensidade enerxética, medida como a cantidade de enerxía necesaria para a creación de riqueza
- Non obstante, é preciso diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera, que tras anos decrecendo, no ano 2010 modificaron o signo da variación, mostrando valores anuais crecentes ata 2012. A concienciación da sociedade cos efectos do cambio climático demanda un cambio das condutas das empresas e cidadáns.

Funcionalidade dos ecosistemas

- Mellora da funcionalidade dos ecosistemas naturais. A partir da declaración de novos ámbitos de protección de espazos en atención aos valores naturais e ecolóxicos, se pode concluír unha tendencia positiva na mellora da funcionalidade dos ecosistemas naturais, responsables da biodiversidade e dos múltiples beneficios ambientais e sociais que dela se derivan.
- A delimitación de novos corredores, iniciada nalgún concello litoral de acordo aos obxectivos sinalados no POL, son exemplos a seguir que poderán redundar na mellora da conectividade entre os espazos naturais de maior valor favorecendo a dispersión das especies e a biodiversidade.
- Redución dos incendios. A perda de biodiversidade, erosión do solo ou inundacións son, xunto cos riscos para a poboación e as perdas económicas, efectos a combater de xeito decidido, traballando para que sexa mínima a incidencia dos incendios. En 2011 iniciouse unha significativa redución da superficie incendiada e do número de incendios, que se mantén no 2013, data da actualización do indicador de Ocorrenza de incendios.

Valorización do patrimonio humano

- As distintas estratexias de valorización do patrimonio cultural que as DOT sinalan se mostran nos indicadores calculados, ben sexa na declaración de novos BIC ou coa aprobación de Plans especiais de protección, como nas intervencións de conservación ou rehabilitación sobre os elementos que integran o patrimonio cultural.

Cohesión social e diversidade

- Demografía. Os datos relativos á poboación, tanto en variación como crecemento vexetativo, tanto en series decenais como anuais, amosan tendencias negativas, poñendo de manifesto o coñecido problema demográfico que ten Galicia.

Esta situación agudízase nas zonas menos poboadas do espazo rural nas que reside 22,3% da poboación.

- Desenvolvemento das novas tecnoloxías da telecomunicación, que se evidencia no incremento tanto da porcentaxe de poboación como de núcleos, con acceso ás novas tecnoloxías da información (TIC), acadándose un 97% da poboación e un 90,4 % de núcleos con acceso á banda larga.
- Sector primario. O número total de explotacións en Galicia segue unha tendencia decrecente arrastrando consigo o emprego. O axuste do sector ven moi marcado pola importancia do sector gandeiro. E dentro do sector gandeiro, polo subsector do vacún.

É destacable a escasa presenza dos subsectores equino, ovino e caprino en Galicia sendo especies cunha importante capacidade de aproveitar os recursos pastables nas zonas menos produtivas.

Reflictese un incremento relativo moi significativo da superficie baixo o réxime de arrendamento, parcería e outros, nun contexto de diminución da superficie agrícola utilizada.

O peso relativo dos cultivos forraxeiros incrementouse nos últimos anos mentres que o dos prados e pasteiros decreceron, o que suxire unha intensificación da produción de forraxes.

Diminúe a carga gandeira relativa ás especies vacún, ovino, caprino e equino, de xeito máis acusado nas zonas leiteiras da Coruña, Lugo e Pontevedra, e particularmente nos concellos de montaña, nos que coincide unha especial incidencia dos incendios. Sen embargo, se incluímos porcino e aves, obsérvanse cargas moi superiores en determinados concellos, o cal poder implicar problemas de xestión de residuos.

Incremento sostido, en máis dunha década, da agricultura ecolóxica aínda que cunha a reducida representatividade territorial, amosa un claro potencial de crecemento.

Aumento da superficie forestal con instrumento de ordenación e xestión forestal, o que supón unha mellora da rendibilidade e sustentabilidade do espazo forestal de Galicia.

Mobilidade

- Na década anterior á aprobación das DOT (2001 2011) e antes da posta en marcha do Plan de transporte metropolitano, a mobilidade cotiá indicaba unha redución da demanda de transporte pero un incremento do uso do vehículo privado, en detrimento da mobilidade alternativa ou do transporte público.

Os plans de transporte metropolitano, postos en marcha pola Xunta de Galicia en coordinación cos concellos, nas áreas urbanas das grandes cidades, deberán corrixir esta liña diverxente co obxectivo de reducir os modos de transporte máis contaminantes, ao tempo que se reduza a necesidade mesma de transporte. Neste senso, o urbanismo pode influír decisivamente no grao de dependencia do automóbil da poboación, tanto no deseño de espazos que outorguen prioridade ao transporte colectivo como na asignación de usos que favorezan centralidades e relacións de proximidade, e mesmo na planificación dos asentamentos rurais previndo as dotacións para a intermodalidade sen esquecer a necesidade de novos modos de transporte colectivo de baixa intensidade.

Integración paisaxística

- Desenvolvemento da Lei de protección da paisaxe de Galicia. O Catálogo das paisaxes de Galicia, en fase final de redacción, contribuirá decisivamente ao modelo proposto polas DOT, no que ademais da corrección dos desequilibrios territoriais e a procura dunha maior cohesión social, non marco da sustentabilidade, está presente de xeito integrador o compromiso na protección e a mellora da paisaxe.

O indicador de paisaxe, a partir dos Estudos de impacto e integración paisaxística elaborados, reforza a aposta da Administración da Comunidade Autónoma neste eido.

Índice de Ilustracións.

Ilustración 1. Esquema conceptual	7
Ilustración 2. Modelo territorial sustentable.....	15
Ilustración 3. Porcentaxe de superficie no ámbito do PTI	23
Ilustración 4. Ámbito territorial dos PTI	23
Ilustración 5. Nº de Plans sectoriais aprobados ou en elaboración que desenvolven o modelo territorial das DOT, por concello ao que afectan	24
Ilustración 6. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. 2015.....	25
Ilustración 7. Evolución provincial do número de PXOM aprobados entre 2013 – 2015.....	26
Ilustración 8. Número de instrumentos de ordenación territorial e urbanística que implican transformación urbanística (2011 e 2015)	26
Ilustración 9. Estado do planeamento municipal 2013	27
Ilustración 10. Estado do planeamento municipal 2015	27
Ilustración 11. Evolución do indicador 2013 - 2015.....	28
Ilustración 12. Evolución do indicador entre 2005 e 2011.....	30
Ilustración 13. Valores provinciais da porcentaxe de superficie ocupada por usos de dinámica natural (2011)	30
Ilustración 14. Porcentaxe de usos de dinámica natural 2012	31
Ilustración 15. Porcentaxe de usos de dinámica natural 2013	31
Ilustración 16. Evolución do indicador Vivendas familiares 2001 - 2011	33
Ilustración 17. Porcentaxe de vivendas principais, secundarias, baleiras en 2011	33
Ilustración 18. Evolución provincial das vivendas secundarias entre 2001 e 2011.....	34
Ilustración 19. Valores provinciais da porcentaxe de vivenda secundaria respecto do total de vivendas familiares en cada provincia e respecto das secundarias de Galicia en 2001 e 2011.....	34
Ilustración 20. Variación dos valores provinciais da porcentaxe de vivenda baleira respecto do total de vivendas familiares en cada provincia e en Galicia entre 2001 e 2011	35

Ilustración 21. Valores provinciais do número de inmobles de uso residencial en Galicia no ano 2013	35
Ilustración 22. Porcentaxe e variación da porcentaxe de vivendas non principais por municipio entre 2001 e 2011	36
Ilustración 23. Variación do número de EIIP entre 2009 e 2013	37
Ilustración 24. Evolución do indicador Artificialización do territorio no período 2005-2011.....	38
Ilustración 25. Índice de artificialización do territorio 2011	39
Ilustración 26. Evolución da superficie de corredores entre 2011 e 2013.....	40
Ilustración 27. Superficie de corredores ecolóxicos (2013)	41
Ilustración 28. Superficie terrestre de espazos naturais protexidos por categoría. 2013.....	41
Ilustración 29. Variación dos espazos naturais protexidos. 2012- 2013.....	42
Ilustración 30. Superficie espazos naturais protexidos en 2013.....	42
Ilustración 31. Espazos naturais protexidos, nas tres categorías estudadas en 2013	42
Ilustración 32. Evolución do indicador 2011 – 2013	43
Ilustración 33. Número de BIC por provincia en 2013.....	44
Ilustración 34. Número de BIC por concello no ano 2013	45
Ilustración 35. Evolución do número de BIC	45
Ilustración 36. Número e tipo de autorizacións sobre bens do patrimonio cultural no ano 2013	46
Ilustración 37. Conxuntos históricos con e plans especiais no ano 2013.....	46
Ilustración 38. Variación relativa da poboación no decenio 2003- 2013.....	49
Ilustración 39. Valores municipais mínimo e máximo por provincia da porcentaxe de variación da poboación en dez anos (2003 - 2013)	50
Ilustración 40. Densidade de poboación (ano 2013).....	51
Ilustración 41. Densidade de poboación na ZPP superbaixa (ano 2013)	51
Ilustración 42. Porcentaxe de poboación en ZPP superbaixa (ano 2013)	52

Ilustración 43. Valores municipais do indicador Poboación en áreas pouco poboadas do ámbito de xestión do POL (ano 2013)	53
Ilustración 44. Crecemento vexetativo no ano 2013	54
Ilustración 45. Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo por subzonas segundo o grao de urbanización (ano 2013)	54
Ilustración 46. Valores comarcais máximos do VEB para 12 ramas de actividade no ano 2012	55
Ilustración 47. Diversidade de actividades económicas (ano 2013)	56
Ilustración 48. Distribución territorial da actividade empresarial no 2013	57
Ilustración 49. Distribución territorial da actividade comercial no 2012	57
Ilustración 50. Valores máximos de ocupación por rama de actividade en 2013	58
Ilustración 51. Valores provinciais porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade no ano 2013	58
Ilustración 52. Porcentaxe de traballadores que traballan e residen no mesmo concello en 2013.	59
Ilustración 53. Ratio de cobertura das demandas 2013	60
Ilustración 54. Cobertura banda larga ano 2013	61
Ilustración 55. Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga en 2011	62
Ilustración 56. Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso á banda larga en 2013	62
Ilustración 57. Solicitudes segundo título de propiedade industrial e natureza do solicitante (ano 2013)	63
Ilustración 58. Ratio de solicitudes por millón de habitantes (ano 2012)	63
Ilustración 59. Solicitudes segundo título de propiedade industrial e sector técnico no ano 2012	63
Ilustración 60. Número de certificacións EMAS en Galicia segundo rama de actividade (2013)	64
Ilustración 61. Número de instalacións con AAI por categoría de actividade (2013)	65

Ilustración 62. Número de explotación e de unidades de traballo e ano (UTA)	66
Ilustración 63. Evolución do traballo asalariado e familiar nas explotacións	66
Ilustración 64. Número de explotación de vacún	67
Ilustración 65. Porcentaxes provinciais dos subsectores gandeiros 2009	67
Ilustración 66. Unidades gandeiras	67
Ilustración 67. Número de vacas por explotacións	67
Ilustración 68. Evolución do Réxime de tenencia da terra	68
Ilustración 69. Evolución da SAU (Censo Agrario)	68
Ilustración 70. Variación da superficie cultivada, prados e pasteiros entre 2011 e 2013.	69
Ilustración 71. Evolución da superficie cultivada, prados e pasteiros	69
Ilustración 72. Evolución porcentual da superficie cultivada, prados e pasteiros	70
Ilustración 73. Peso provincial dos diferentes cultivos	70
Ilustración 74. Agricultura ecolóxica 2013	71
Ilustración 75. Evolución da superficie total rexistrada polo CRAEGA	71
Ilustración 76. Número de operadores rexistrados polo CRAEGA	71
Ilustración 77. Evolución provincial da superficie de agricultura ecolóxica entre 2001 e 2013.	71
Ilustración 78. Porcentaxe do valor de produción por especie 2013	72
Ilustración 79. Ocupación na pesca e na acuicultura no ano 2013	73
Ilustración 80. Evolución do indicador 2004 – 2013	74
Ilustración 81. Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal no 2013	74
Ilustración 82. Valores máximo e mínimo respecto á intensidade turística (2013)	75
Ilustración 83. Intensidade da oferta turística (2013)	76
Ilustración 84. Intensidade da demanda turística (2013)	76
Ilustración 85. Variación da estacionalidade turística (2012-2013)	77
Ilustración 86. Estacionalidade turística no ano 2013	77
Ilustración 87. Intensidade enerxética final e consumo enerxético final en Galicia (2010, 2012)	79

Ilustración 88. Evolución da intensidade enerxética final en Galicia e nas catro provincias (2004 a 2012)	79
Ilustración 89. Evolución do consumo enerxético final en Galicia e nas catro provincias (2012).....	79
Ilustración 90. Número e porcentaxe de zonas de baño con cada clasificación sanitaria en Galicia (2011, 2013)	80
Ilustración 91. Evolución das porcentaxes de zonas de baño con cada clasificación sanitaria por provincias (2011, 2012 e 2013)	80
Ilustración 92. Número de zonas de baño e clasificación sanitaria por concello 2013	81
Ilustración 93. Xeración de residuos urbanos en Galicia (2011, 2013)	81
Ilustración 94. Xeración de residuos urbanos por provincias (2013)	82
Ilustración 95. Xeración de residuos urbanos ámbito POL nos anos(2011, 2013).....	82
Ilustración 96. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011, 2013) ...	82
Ilustración 97. Recollida selectiva bruta nos concellos do POL (2011, 2013)	83
Ilustración 98. Dotación de puntos limpos en Galicia (2011, 2013)	83
Ilustración 99. Dotación de puntos limpos nos concellos do POL (2011- 2013)	84
Ilustración 100. Concellos con servizo de punto limpo 2013.....	84
Ilustración 101. Evolución do índice anual de emisións en España e Galicia (1990 a 2012).....	85
Ilustración 102. Quilotoneladas de CO ₂ equivalente en Galicia (2010, 2012)	86
Ilustración 103. Emisións de CO ₂ equivalente por categoría de actividade no ano. 2012.....	86
Ilustración 104. Valores provinciais da repartición da mobilidade cotiá en Galicia en 2011	88
Ilustración 105. Número de persoas que se desprazan habitualmente a traballar ou estudar ⁽¹⁾	88
Ilustración 106. Repartición modal da mobilidade cotiá no ámbito do POL, Galicia e España en 2011.....	88

Índice de táboas

Táboa 1. Correspondencia entre as variables de sustentabilidade do ISA das DOT e os bloques do IST	7
Táboa 2. Correspondencia entre os aspectos clave e os sub-bloques	8
Táboa 3. Indicadores do bloque de Ordenación do Territorio	22
Táboa 4. Indicadores do bloque de Planeamento.....	25
Táboa 5. Indicadores do bloque de Ocupación do Territorio.....	29
Táboa 6. Indicadores do bloque de Paisaxe	37
Táboa 7. Indicadores do bloque Patrimonio natural	39
Táboa 8. Indicadores do bloque de Sociedade e economía	48
Táboa 9. Indicadores do bloque de Metabolismo	78